El atentado sufrido por García Seoane, diputado provincial y concejal del ayuntamiento de Oleiros, es un hecho aislado. El concejal de Urbanismo, dos Veinte, a quien le quemaron el coche en la madrugada de ayer, ha confirmado a nuestradelegación la existencia de campañas de amenazas y intentos de intimidación. El propio alcalde de Oleiros, Xosé Luis Martínez, también

renovador. Por otra parte, hay que señalar una actuación decidida en el campo de equipamiento de servicios a la parroquia de Perillo, dentro del municipio.

"Unidad dos Veinte" cuenta con doce concejales militantes de UCD y uno de independentes, y es resultado de un proceso asambleario. Es quizás el único municipio de Galicia en el que gobernan las asociaciones vecinas. Los candidatos de "Unidad" fueron elegidos previamente en asambleas parroquiales y de vecinos. Fí alcalde, el joven arquitecto V. Martínez.

Sábado 3 - XI - 79

APOYO POPULAR A GARCIA SEOANE

La Asociación de Vecinos de Perillo hará una recaudación para comprarle otro coche. Los restos de un mantel en el coche incendiado pueden ser un indicio sobre los autores

PERILLO. (De nuestro Corresponsal).—El pueblo de Perillo se ha volcado materialmente en apoyo del diputado provincial Ángel García Seoane, ex presidente de la Asociación de Vecinos de Perillo, a quien le fue destrozado el coche en un incendio cometido en la madrugada del miércoles. Las pocas dudas sobre la intencionalidad del fuego quedaron dispisadas al hallarse, entre los restos del vehículo, trozos de mantel fundidos con la goma de la rueda quemada.

Para la tarde del jueves, fue convocada una asamblea urgente, con el fin de informar al vecindario de los hechos y sus antecedentes. A este acto asistieron unas 300 personas que abarrotaron el local de la Guardería. En

los incidentes callejeros que tanto abundan en Perillo,

Por último, se hace mención a las multas de hasta 500.000 pesetas impuestas por el gobernador civil a varios miembros de la Corporación de Oleiros, Asociación de Padres de Alumnos y otros particulares, por el desplazamiento realizado a La Coruña. Se pide eximir que los autobuses de transporte escolar iniciaran su servicio y se pide la anulación del expediente sancionador, ya que en ningún momento hubo desórdenes públicos. Este manifiesto fue firmado al final del acto por todos los presentes, quedando a disposición de todos los que quieran adherirse.

REUNION EN SAN PEDRO

Hoy a las seis y media en la Casa do Pobo de San Pedro de Nos celebraron una reunión todas las Asociaciones de Vecinos de Oleiros con el objeto de tratar sobre el atentado contra Ángel García Seoane.

En El Ventorrillo y en Betanzos, cursos para

Estas campañas non conseguon o efecto pretendido sobre o concelleiro de Perillo, e cada día que pasa créanse maiores dúbidas sobre a persoa do alcalde Martínez Suárez. Non foi alleo a esas dúbidas o feito de descubrir o monopolio que en pouco máis dun ano se consolidara por parte del mesmo e duns poucos arquitectos do seu contorno respecto dos proxectos para vivendas no Concello.



A pesar da carencia de calquera figura de planeamento que amparase as licenzas, é de destacar que un dos obxectivos do programa da Candidatura dos Veciños, era precisamente a erradicación de monopolios que existían con determinados arquitectos para a construción de vivendas en Oleiros e que se controlaban desde o Concello. Estábbase a aplicar o "sácate ti para poñerme eu". O escurantismo e a política inquisitorial que intentaba imponer o rexedor fixo que, ao cabo dun ano, nove dos doce concelleiros do grupo do goberno: Ángel García Seoane, Esther Pita Pita, María Sánchez Parga, José Luis Fanjul Casielles, José Temprano Agra, Luis Garrido López, Daniel Montero Sabio, Manuel Fernández Siso e Antonia Caridad Martínez, deixaran de apoialo para amparar a García Seoane, o que provocou que por parte dos directivos das asociacións de Nós, de Semade e un sector da de Iñás, que apoiaban o alcalde, fosen convocadas asembleas para facer dimitir os concelleiros de Mera e Nós: María Sánchez Parga e José Temprano Agra.

A estas asembleas acudiron representantes de distintas entidades oleirenses e tamén concelleiros do grupo maioritario da Candidatura dos Veciños, impedindo coas súas intervencións que se conseguise o obxectivo pretendido. Estes actos e moitos outros feitos contrarios aos criterios democráticos da Candidatura dos Veciños fixeron que se presentase unha moción de censura ao alcalde no pleno do 15 de xuño de 1981, sendo apro-

bada por maioría absoluta. José Luis Martínez non dimitiu do seu cargo pero, a partir dese momento, careceu de poder de decisión nos órganos de goberno: comisión permanente (actualmente Xunta de Goberno local) e pleno da corporación.

Ás 00.00 horas do 25 de xullo de 1980 saíu ao aire a emisora municipal Radio As Mariñas, hoxe Radio Oleiros, convertendo Oleiros no primeiro concello galego con emisora municipal propia e que realizaba a súa emisión integralmente en galego. O seu primeiro locutor foi Manolo Rivas.

marinas

La Voz de Galicia

viernes, 25-julio-1980

Llevaba en antena 70 minutos

La Guardia Civil clausuró la emisora «Radio As Mariñas» de Oleiros

A las 1.10 de la madrugada, y con motivo de unos minutos en el aire, dejó de emitir Radio As Mariñas, emisora municipal de Oleiros. La interrupción de la emisión se realizó en presencia de la Guardia Civil y unos funcionarios del gobernador civil de La Coruña, dado que esta emisora no es legal de acuerdo con la normativa vigente.

Radio As Mariñas, con sede en el propio edificio del Ayuntamiento de Oleiros, comenzó a emitir en periodo de prueba a las once horas de pruebas en idénticas condiciones. El primer contacto con el aire fue con motivo de una sintonía con compases del Himno Gallego. Un locutor explicó que era la primera radio municipal de Galicia.

Intervino, a continuación, el alcalde de Oleiros, José Luis Martínez, quien hizo referencia a la situación económica actual y afirmación nacional gallega; que el día era muy importante para la juventud autonómica de Galicia y que la emisora «As Mariñas» ponía cosa su inicio en antena, un

intendente de la Intervención del alcalde una intervención con el presidente de la Facultad de Ciencias de la Información de la Universidad de Barcelona, Emilio Prado que explicó su experiencia catalana en emisoras municipales.

Intervino después el portavoz de Manolo Rivas que habló sobre el significado del 25 de julio para Galicia.

A las 1.25 de la madrugada, llegó a la sede del Ayuntamiento de Oleiros un «sleep de la Guardia Civil, apresando en el cuarto de uno de sus funcionarios al sargento, que estaba en la cabina de control acompañado de un sargento que venía a hablar con la emisora por orden gubernativo. José Luis Martínez, los comunicó un teléfono en donde intentó contactar telefónicamente al gobernador civil de La Coruña, o secretaria general del Gobierno Civil, a fin de que le fuera explicada la orden de la Guardia Civil.

El alcalde de Oleiros prestó declaración ante el Juzgado de lo Penal de A Coruña, el juez teniente de alcalde del Ayuntamiento de Oleiros, José Luis Martínez. La declaración está relacionada con el procedimiento que sigue sobre la apertura de la radio «As Mariñas», que, como se recuerda, estuvo durante una hora siendo clausurada por orden gubernativa.

Al juzgar, José Luis Martínez se ratificó en la declaración prestada en su día ante la Guardia Civil de Oleiros, que había llevado a cabo el oportuno atestado en la radio, así como los hechos acaecidos en la noche de apertura de la emisora.

«O GOBERNADOR CIVIL AO PECHAR A EMISORA MUNICIPAL, «RADIO AS MARIÑAS», ESTA POLITIZANDO DE FORMA PARTIDISTA O PROBLEMA» (JOSE L. MARTINEZ, ALCALDE DE OLEIROS)

Oleiros: El concejal Taboada declaró ante el juzgado en el expediente que se le sigue por desacato

El pasado lunes prestó declaración en el Juzgado de Guardia N.º 1 el juez teniente de alcalde del Ayuntamiento de Oleiros, Manuel Taboada Marzo, de la Candidatura dos Verdes. Con apertura de expediente se puso en conocimiento a la autoridad. El expediente de desacato al concejal ha sido debido según nota de informe del Ayuntamiento de Oleiros, a las críticas formuladas en pleno, relativas a la actuación del gobernador civil en la clausura de la radio «As Mariñas» de Oleiros y el apresamiento en el burgo ecologista «Rainbow Warrior».

A experiencia durou apenas setenta minutos, que foi o tempo que tardou a Garda Civil, por orde do gobernador civil, en pechar a emisión. A emisora quedou precintada ata o ano 1985, data desde a que segue emitindo sen interrupción ata o día de hoxe.

Desde o comezo desta lexislatura procedérase á contratación de planeamento co fin de poñer orde ao caos urbanístico - especulativo que reinaba no concello para, posteriormente, redactar o Plan xeral que non pudo ser

aprobado na primeira lexislatura pola incomprensible posición política do alcalde que priorizaba o feito de dar cobertura a actuacións de tempos pasados, como por exemplo Canide coas súas pretendidas 1.700 vivendas e centros comerciais, outras como Casa Sara, a urbanización de Bastiagueiro ou diversos convenios amañados de novas urbanizacións.

A perda de decisión de José Luis Martínez ao non contar cos nove concelleiros da Candidatura dos Veciños,

impediulle manexar o concello ao seu antollo e vontade, dando comezo así a unha nova etapa na que gobernaban os nove concelleiros dirixidos por García Seoane que, aínda que non estaba libre de problemas, permitiu que foran tratados proxectos ata entón paralizados, entre os que cabe destacar o abastecemento de auga a Oleiros e a Santa Cruz desde a localidade de Perillo, a implantación de servizos en gran parte do municipio, o saneamento de Santa Cristina...

Coa toma de control do goberno polos nove concelleiros, de doce, da Candidatura dos Veciños, iníciase o que desde o principio da lexislatura deberá ser o programa electoral: ordénase revisar todas as licenzas outorgadas, desde 1975, incluídas as concedidas nos dous primeiros anos da lexislatura democrática. Para facelo, constitúense comisións integradas por concelleiros, técnicos e representantes veciñais nas que se valoraba



■ Acto da inauguración da traída de auga a Santa Cruz fronte ao restaurante La Marina



o lucro acadado polas obras ilegais, cuxas vivendas xa foran vendidas e, unha vez valoradas, demandábase dos infractores a construcción de infraestruturas nas localidades das que se lucraran. A achega debía ser o 50 % do beneficio obtido chegando a recadarse máis de sesenta millóns de pesetas. Cabe lembrar que o primeiro orzamento xeral democrático alcanzaba os sesenta e catro millóns de pesetas.

Con esas achegas “voluntarias” levouse a rede de auga desde Perillo a Santa Cruz, construíuse gran parte do saneamento de Santa Cristina, logrouse o primeiro centro social en Santa Cruz, situado no actual Centro de Lecer Portaberta.

O funcionamento das comisións, levou a algúns promotores a denunciar nos xulgados o que para eles era o cobro dun “imposto revolucionario”, pero as ditas denuncias foron desestimadas ao interpretarse que non existían tales feitos senón que foron considerados como unha xusta actuación compensatoria para sufragar os servizos que as antigas corporacións e os promotores, tiñan ignorando ao outorgar licenzas que, por outro lado, eran totalmente ilegais.


Co traballo da Comisión mixta tratouse, paralelamente, unha política contundente contra as novas actuacións ilegais, paralizando e demolendo toda obra que non se axustase á lei.



■ Casetas que privatizaban a zona do porto



■ Demolición das casetas e recuperación do espazo público



■ Chiringuito en Santa Cristina



■ Demolición e recuperación pública

Os nove concelleiros dedicáronse a poñer orde e a dignificar a vida municipal revisando e modificando todas as áreas municipais, especialmente as relacionadas coa atención aos veciños, da que se erradicaron actitudes vexatorias e se eliminaron as “propinas” que pagaban por ser atendidos. Outro apartado foi a creación de servizos, especialmente a distribución de auga potable e a recollida de lixo.

A carencia de edificios escolares e o “almacenamento” de nenos e nenas no único colexió que existía naquel momento, A Rabadeira, levou o Goberno municipal, coa Santaia á fronte, a ocupar o edificio das Torres, antiga sede da sección feminina do réxime franquista, para implantar unha escola de EXB. Nun terreo adquirido en Canide, Maianca, por catro millóns de pesetas o Ministerio de Educación constrúe o colexió de educación primaria Luis Seoane. Comezábase así a avanzar na mellora da educación pública.



■ As Torres

Nesta primeira lexislatura cabe destacar a localización en Oleiros do INEF, Instituto Nacional de Educación Física. A creación deste centro, en Bastiagueiro, e que o goberno galego pretendía levar a Pontevedra, foi posible pola iniciativa e a vontade do entón presidente da Deputación



da Coruña, Enrique Marfany Oanes, quen puxo a disposición oitenta mil metros cadrados de terreos, propiedade da Deputación, e destinou a este fin importantes recursos monetarios do organismo provincial. Este centro fora no seu día boicoteado polo alcalde José Luis Martínez e, non se sabe con que interese, había varios proxectos de obra. A actitude do deputado por Oleiros, García Seoane, e o logro dunha maioría estable do grupo da Candidatura dos Veciños que o apoiaba, fixo posible que non se perdesse a creación deste centro universitario en Oleiros, dando vía libre á proposta do presidente da Deputación.

reforzada a liña marcada polas asociacións de veciños de Santa Cruz, Perillo, Oleiros e Montrove.

A proximidade das segundas eleccións municipais e a vitoria electoral do PSOE no Estado tras o intento do golpe de 1981, animou a excluírse da Candidatura dos Veciños ao sector que apoiaba o alcalde, organizándose o partido de Esquerda Galega en Oleiros e o outro sector creou o PSOE. Neste último participaban un dos promotores de Casa Sara e un xenro do promotor de Canide que era un alto cargo do Opus Dei, ademais dalgúns afiliados das asociacións de veciños de SEMADE, Santaia, Iñas e Nós.

Aunque matizado

Apoyo del Ayuntamiento de Oleiros al complejo deportivo de Bastiagueiro

LA CORUÑA.—El Ayuntamiento de Oleiros se muestra decididamente favorable a la construcción de un Complejo Deportivo en la zona de Bastiagueiro (dentro de su término municipal) y que el sábado será discutido en el curso de una sesión plenaria de la Diputación coruñesa, aunque matiza ese apoyo al proyecto condicionándole a la construcción también de una infraestructura

te la construcción de un centro de EGB que cubra las necesidades de los jóvenes becarios que se formarán deportivamente en ese complejo deportivo.

Este panorama político fixo que, por parte dos concelleiros e das entidades veciñais que seguían sendo fieis ao proxecto inicial da Candidatura dos Veciños, se valorase a inscrpción como partido político xa que o goberno do estado modificara a Lei electoral para impedir a proliferación de candidaturas de agrupacións veciñais. Deste xeito a Candidatura dos Veciños cambiou o nome pasando a chamarse Alternativa dos Veciños.

A situación de ruptura da Candidatura dos Veciños e o nacemento de novas asociacións ao longo da lexislatura, como o caso de San Antón de Dexo e San Cosme de Maianca, fixo que estas localidades deixasen de estar representadas por SEMADE, entidade veciñal vinculada ao alcalde, e viuse

Nas eleccións do 8 de maio de 1983 os votos obtidos pola dita candidatura nas primeiras eleccións de 1979, redistribuíronse nos tres partidos orixinados pola excisión, obtendo Alternativa dos Veciños cinco concelleiros, o PSOE catro, Esquerda Galega dous e Alianza Popular seis.

Para a toma de posesión e a designación de alcalde da nova corporación, os do PSOE, dirixidos polo alcaldable José María del Monte, negociaron con Alianza Popular intentando facer unha fronte común contra a Alternativa dos Veciños, pero o día sinalado polo goberno do Estado para a formación das novas corporación locais o pacto entre eles aínda non fraguara, o que provocou que a toma de posesión se retrasase un día chegando ao pleno sen acordo, porque tanto o PSOE como Alianza Popular querían a alcaldía.

Esta situación permitiu que ao non existir unha lista que obtivese a maioría con 9 votos de 17, en segunda votación, a candidatura con máis concelleiros, neste caso Alianza Popular, sería a que obtivese a alcaldía.

Pola súa parte, Alternativa dos Veciños intentaría chegar a un acordo co PSOE pero a chantaxe deste: "ou eles ou Alianza Popular", fixo que retirase a súa candidatura. Aínda así, para impedir que Alianza Popular obtivese a alcaldía, Alternativa votou ao PSOE, cuxo candidato levaba poucos meses en Oleiros. Desprazado desde Burgos por problemas laborais con Telefónica, descoñecía por completo o municipio e os seus problemas. O día 25 de maio de 1983 constitúese a nova corporación formada por:

Alianza Popular-Partido Democrático Popular-Unión Liberal: José Miguel Villar de Ibarra, Miguel Aguirre Urcola, Jesús Graña Trillo, Manuel Barreiro Fernández, Fernando

Cernadas Prego, Jaime Conchado Taboada
Alternativa dos Veciños: Ángel García Seoane, Esther Pita Pita, Guillermo Fernández-Obanza García, Manuel Chas Miguez, Manuel Fernández Siso


PSOE: José María del Monte González, Florentino Taboada Valiño, Jaime Varela Paz, Juan Álvarez Espiñeira

Esquerda Galega: Manuel Taboada Marzoa, José Francisco García Pazos

Comeza unha nova e convulsa etapa para unha corporación con dezasete concelleiros e un goberno de catro persoas xa que os de Alianza Popular e os de Esquerda Galega, que intentaran pactar co PSOE, crían que foran traizoados polos socialistas porque a estratexia de Alternativa fíxolle pensar que existía un pacto oculto.

A situación de desgobierno e a tensión na que se atopaba o PSOE ao cabo dun mes, levounos a chamar a Alternativa para participar no goberno. As condicións impostas por esta foron: a esixencia de aprobación do Plan xeral de ordenación urbana para frear a destrucción do territorio e preservar o medio-ambiente e a cesión das áreas de cultura - educación e urbanismo. A primeira delas sería xestionada por Guillermo Fernández - Obanza e o urbanismo por Ángel García Seoane.


Coa entrada no goberno de Alternativa dos Veciños, a cooperación internacional fixo posible que centos de nenos nicaraguanos, vítimas dunha longa guerra civil, puidesen



■ Entrevista co presidente de Nicaragua Daniel Ortega

acceder á educación. Para iso o Concello enviou diverso material escolar e medicinas que se recolleron a través dunha campaña solidaria non só en Oleiros senón en colexios e hospitais da comarca.

A ameaza da deputada estatal de Alianza Popular, Victoria Fernández España e o primeiro presidente autonómico Gerardo Fernández Albor propoñendo apedrar o presidente de Cuba se viña a Galicia (fixera escala en Madrid e fora invitado polo presidente Felipe González a un almorzo na Moncloa), fixo que o Concello declarara a Fidel Castro “concelleiro honorífico” co fin de contrarrestar a declaración fundamentalista e agresiva da deputada. O goberno municipal promoveu a participación de cidadáns para entregar o acordo municipal nunha viaxe a Cuba que tivo lugar o 7 de xaneiro de 1984.



■ Recepión na Habana

A suposta estabilidade que a entrada de Alternativa Ile daba ao goberno ao acadar maioría absoluta viuse truncada meses máis tarde, na primavera de 1985, pola conspiración dos edís socialistas que, aliados con Esquerda Galega e Alianza Popular, presentaron unha moción de censura ao alcalde do seu mesmo partido. Esta traizón que non tiña outros motivos que a xustificasen que non fosen a ambición, os intereses persoais e especulativos xunto coa negación a aceptar o control que a Alternativa aplicaba á xestión da vida municipal, culminou nunha nova e crispante situación que orixinou a dimisión do alcalde antes de tratarse a moción.

Esta situación provocou unha nova elección na que, unha vez máis, a Alternativa dos Veciños, co fin de evitar que Alianza Popular se fixera coa alcaldía, ofreceu os seus cinco votos aos dous de Esquerda Galega. Ademais contábase co voto do alcalde dimitido que participaba como concelleiro e o voto dun ex-membro da Candidatura dos Veciños, Manuel Barreiro Fernández, que se presentara ás eleccións nas listas de Alianza Popular. A negativa do ex-alcalde socialista José María del Monte a apoiar a Manuel Taboada Marzoa de Esquerda Galega fixo que no Pleno do 3 de maio de 1985 saíse elixido alcalde Ángel García Seoane.

Rematan así unha etapa convulsa sendo os dous anos seguintes, ata as eleccións de 1987, moi positivos para o desenvolvemento do municipio. O consenso e a convivencia

dos distintos concelleiros no goberno e o arduo traballo levado a cabo polos colectivos veciñais que participaban na mellora das súas parroquias con actividades culturais e a creación de servizos a través de comisións mixtas veciños-concello, empezaban a dar os seus froitos e por fin se ían cumplindo os compromisos feitos na etapa de 1979.

No grupo de Alianza Popular, o feito de ver como se consolidaba o goberno e como se ían esvaecendo todas as súas aspiracións levou a dous dos seus candidatos, o alcaldeable, José Miguel Villar de Ibarra e Miguel Aguirre Urcola, a presentar a dimisión.



■ Nenos e nenas coa pardela

No ano 1985 chegou ao noso concello unha ave non característica da costa galega, a pardela cincenta, aterrando todas as tardes na baía de Santa Cruz e hospedándose no hotel Portocovo despois de pasar o día pescando. A chegada da pardela protagonizou reportaxes estatais e internacionais. Cando chegaba á terra peteiraba no cristal da conserxería do Portocovo, onde era recibida polo



conserxe, co que iniciou unha entrañable convivencia, deixándose acarriñar cun constante gurgullo como se quixese falar. Así transcorreron varios anos ata que o rapaz deixou o hotel e a pardela tamén se foi para o contorno do paseo do porto de Santa Cruz onde xogaba cos nenos e persoas que viñan visitala, durante quince anos. Este fenómeno trouxo a Oleiros a biólogos e científicos de diversas partes do mundo que estudaron e filmaron o singular comportamento da ave. O Concello, ademais de facer contos e unidades didácticas sobre ela, bautizou co seu nome unha escola infantil e, promovido pola asociación Amigos da Unesco, estableceuse o Premio Pardela que recibiron, entre outros, Isaac Díaz Pardo, Xosé Luis Barreiro ou Xosé Chao Rego, sendo nomeada Embaixadora Honorífica de Asuntos Exteriores de Oleiros.

É de destacar o traballo de educación ambiental e cultural que mobilizaría a centos de rapaces e rapazas a participar nas múltiples actividades sociais organizadas. A xestión levada a cabo polo concelleiro de Alternativa dos Veciños, Guillermo Fernández-Obanza, desde a área de cultura mereceu o recoñecemento de importantes grupos ecoloxistas de ámbito estatal e europeo. Este labor medioambiental deu como froito o nacemento dun grupo ecoloxista denominado Biotopo. De igual xeito, para o fomento do deporte o Concello negocou co dono do Hotel Portocobo e o Club Beiramar a cesión do uso das piscinas, porque o Goberno non podía permitir que en Oleiros, un concello costeiro, houbese veciños que non soubesen nadar.



■ Piscina do Portocobo cedida para desenvolver cursos municipais

A esta actividade engadíronse os paseos en bicicleta polo concello para que a mocidade desenvolvese actividade física, mentres descubría recunchos do municipio. Ao ir acondando infraestruturas fóreronse fomentando tamén outro tipo de deportes.

Nas eleccións de 1987 Alternativa dos Veciños é o partido máis votado, aumentando en tres concelleiros. O PSOE perde dous, Esquerda Galega queda con un e Alianza Popular perde un. Aparece tamén unha nova lista con representación a Coalición Progresista Galega que logra un concelleiro.

A corporación, que se constitúe o 30 de xuño de 1987, fórmansa:

Alternativa dos Veciños: Ángel García Seoane, Esther Pita Pita, Guillermo Fernández- Obanza, Manuel Fernández Siso, Fernando García Sánchez, Alfredo Novoa Gil, Juan Ramón Fernández Fernández e Manuel Cañas Zapata

Alianza Popular: Jesús Graña Trillo, Julio Cruz Suárez, Antonio Pedreira Doldán, María Vieites Louro e Nicasio Manuel Pan Sánchez

PSOE: Ricardo Cubeiro Pena e Florentino Taboada Valiño

Esquerda Galega: Manuel Ferreiro Bra

Coalición Progresista Galega: Enrique Fernández - Mosquera Soto

Unha vez máis ningunha candidatura obtivera a maioría absoluta e, unha vez máis, o PSOE e Alianza Popular intentan chegar

a un pacto para elixir alcalde, pero para iso necesitaban do voto das outras candidaturas, Esquerda Galega e Coalición Progresista Galega. O primeiro abstívose e o segundo compareceu unha vez ultimada a toma de posesión, non podendo votar na elección de alcalde.

Ao non acadar ningún grupo a maioría absoluta queda designado alcalde, por ser a lista máis votada, Ángel García Seoane, continuando así coa política desenvolvida nos dous últimos anos. A pesar de ter que gobernar en minoría, Alternativa dos Veciños logra puntualmente o apoio do concelleiro de Coalición Progresista Galega, Enrique Fernández-Mosquera, e dun dos concelleiros do PSOE, Ricardo Cubeiro Pena, persoa profundamente comprometida cos valores do socialismo que consideraba que a Alternativa os aplicaba ao traballo que levaba a cabo. Este apoio puntual permitiu que o goberno de Alternativa se dedicara de cheo a acadar os obxectivos programados nesa lexislatura que pasaría a ser unha das más positivas para o desenvolvemento ordenado de Oleiros.

Durante esta lexislatura, de 1987 a 1991, decenas de comisións veciñais foron constituídas para levar os servizos máis básicos, auga e saneamento, a todas as parroquias e aos asentamentos históricos do concello. Ao amparo do planeamento aprobado tamén aparecen as primeiras urbanizacións: Lamastelle, Icaria, Praza de Liáns, Os Regos...



Impúlsase tamén a dotación de infraestruturas e equipamentos: casas do pobo de Dorneda, Iñás e Lorbé, centros educativos como o Valle Inclán, o Parga Pondal e o Neira Vilas, instalacións deportivas...

Durante esta lexislatura continúa a loita emprendida anos atrás a prol dun transporte público que entrara na cidade da Coruña.

A carencia deste servizo regular de viaxeiros xunto coa imposición de que todos os auto-

buses finalizasen o seu traxecto na estación de Catro Camiños prohibíndolle a entrada ata Porta Real, estaba a ocasionar un grave trastorno aos centos de cidadáns que desde a comarca se desprazaban á cidade. Como medida de protesta as entidades veciñais de Oleiros, A Coruña e Culleredo decidiron cortar todos os accesos á cidade: na Pasaxe, na estrada do Burgo, no Portazgo, na avenida Alfonso Molina e na estrada de Arteixo. A coordinación dos cortes levouse desde o Concello de Oleiros a través dunha rede de



■ A Policía Nacional solicitalle ao alcalde a disolución da manifestación polo transporte público

walkie-talkie e provocou media hora de caos a entrada e saída da Coruña. O gobernador civil mandou unha compañía da Policía Nacional a dispersar en todos os puntos aos manifestantes.

La Voz de Galicia

Fundado en 1882 por Juan Fernández Latorre

Editor: Santiago Rey Fernández-Latorre

La Coruña, domingo, 22 de febreiro de 1987. Año CV, N.º 33.819. El diario de maior tirada de Galicia. 90 ptas.

Las tropas sirias se acercan a Belgrado para poner fin a los sangrientos combates

Belen (Efe). Intensos ataques de artillería y ametralladoras se produjeron ayer en la noche en el sector Oeste de esta capital, en tanto se engajó en combate en la tropa siria que intentaría poner fin al enfrentamiento de la noche.

Unos cuatro mil soldados sirios y a las capitales libanesas para ayudar a las ya victoriosas tropas cristianas en la zona, donde en los últimos cinco días han derrotado a diversos grupos rebeldes y unos 450 heridos.

El envío de tropas sirias en la noche de ayer es la solicitud de una ayuda militarizada realizada el viernes por un grupo de dirigentes cristianos a Damasco.

Estos se entrevistaron con el presidente Hafez el Asad, y le solicitaron «una ayuda militarizada», según la agencia oficial siria de noticias.

La intervención siria fue realizada, según la agencia, por el presidente de la Asamblea Nacional, Husein al Huseini, quien se presentó ante el primer ministro Kamal Jumblat, ministro de Educación, Salim el Hoss, y los jefes del Movimiento Popular Democrático, Nabil Beiruti (ministro de Justicia) y del Partido Socialdemócrata (PDS), Fouad Siniora (ministro de Fomento).

Siria habrá enviado a Belgrado grupos de soldados en paquetes camuflados, a finales del año pasado.

La Diputación coruñesa centraliza sobre el proyecto de su nueva sede

La Coruña (Redacción). La Diputación coruñesa ha formulado una peticionamiento para que se autorice la ejecución de las obras, señala que ofran una mejor accesibilidad a determinados estructurais del edificio "Teatro Odeón", que actualmente están afectados ao teatro.

Según la mencionada institución, para que se lleve a cabo un plazo no se vio obligado a utilizar o derecho a expulsar.

Mañana, segundo capítulo de la Guerra Civil en Galicia

El Gobierno señala que «no hay un solo sistema democrático que admite esta posibilidad»

La asistencia de Yoldi a la cámara vasca divide a los partidos políticos

Vitoria (Agencias). La sosciedad de la Audiencia Territorial de Pamplona ha acogido este jueves la comparecencia del ex secretario Juan Carlos Yoldi, que asiste a la reunión de trabajo que el presidente del Gobierno, Javier Solana, tra secretaria general del PNV, manifestó que «no hay un solo sistema democrático que admite esta posibilidad».

Los partidos políticos votan, a excepción del PSOE y de Alianza Popular, que critican la resolución judicial, que indica que el plan preventivo de desarrollo de los derechos políticos no está causando riesgo, señala que la legislación vigente en materia de protección de los derechos políticos y VB considera que la presencia de los diputados es fundamental para el desarrollo de las actividades parlamentarias, ya que el PNV, que presentó como candidato a las comunas democristianas y son defensores de la libertad de expresión, al ejercicio de su derecho a la información y a la difusión de sus ideas.

Todos los partidos de montaña quedaron abiertos a la medida.


Los vecinos de los municipios limítrofes de La Coruña protagonizaron cortes de tráfico por espacio de hora y media en los accesos a la ciudad

Los vecinos de los municipios limítrofes de La Coruña protagonizaron ayer por espacio de hora y media cortes de tráfico en los accesos a la ciudad, señalando diversos cortes de tráfico en los accesos del servicio interurbano de pruebas por la inoperancia de los servicios del Paseo de la Costa y el Círculo coruñés. Las interrupciones del tráfico se produjeron alrededor de las 18 horas, cuando en el Paseo del Paseo y avances de la costa, formándose enormes colas de vehículos formadas por los vecinos de los municipios vecinos que ocupaban espacios parqueados por espacio de hora y media.

Los vecinos apoyaron la protesta, que se desarrolló sin incidentes, aunque la intervención de la Policía local creó situaciones de tensión, al principio de la tarde, cuando se acercó el comisionado de Transportes de la Xunta, en el que se informó de no haber acuerdo entre los vecinos de Oleiros y Calaredo para hacer efectiva la demanda formulada por los vecinos de localidad, que consideran que la manifestación fue coordinada por radio por el alcalde de Oleiros, Angel García Seoane.

Mañana, segundo capítulo de la Guerra Civil en Galicia

xudiciais co único fin de paralizar a actuación municipal en espera de "tempos mellores", se tiña lugar un cambio de goberno.



■ Edificación ilegal na illa do Portelo



■ Demolición do edificio da illa do Portelo

Esta lexislatura destaca ademais pola aplicación estrita da lei a todas as irregularidades urbanísticas sucedéndose unha infinidade de demolicións de obras ilegais: peches, fins de semana, edificios...; o que leva a presentación de innumerables recursos ante os órganos

Outro dos aspectos a destacar deste cuatriénio é a recuperación de espazos públicos nas praias e costas do noso concello. Amparados pola Lei de costas do Estado de 1988 e o Plan xeral de ordenación de Oleiros aprobado en 1985 foron innumerables as actuacións tratadas desde a ría da Pasaxe ata Lorbé,




■ Edificio ilegal en Beiramar



■ Demolición

para liberar a costa de concesións obsoletas do Estado, de chiringuitos, peches llindeiros cos acantilados, privatización de areais, cemiterios de barcos, praias privadas amparadas en sentenzas vergonzosas e aberrantes..., como a da caseta da praia de Santa Cristina que indicaba que a súa zona privada lindaba cos mares de Inglaterra.

Estas actuacións do goberno municipal orixinaron unha cadea de denuncias e querellas criminais contra o alcalde García Seoane. Entre os denunciantes destacan a sociedade Sancrisa, propietaria da praia de Santa Cristina, e o representante de Canide S.A., inmobiliaria promotora do especulativo proxecto de interese turístico que na década dos 70 pretendía levar a cabo 1.700 vivendas en Canide, así como un nutrido grupo de promotores que viñan campando ás súas anchas por todo o concello.



■ Proxecto de 1700 vivendas e hoteis en Canide. Aos edificios hai que sumar�les as vivendas unifamiliares da península.

Nunha sentenza xudicial, o xuíz chega a reflectir que se observa unha persecución, a través dos xulgados, contra a figura do alcalde García Seoane. A dita sentenza daba a razón ao concello.

É tamén nesta lexislatura cando se abren diversos expedientes de expropiación para reverter o uso público de zonas privatizadas por particulares en áreas de dominio público. Procédese tamén á compra ao Estado do castelo, situado en Santa Cruz, co propósito de convertelo nun centro de educación ambiental. Esta compra enfrentou o concello co capitán xeral de Galicia xa que había particulares interesados nel para dedicalo a residencia privada ou a un futuro casino. A xerencia de infraestruturas do Ministerio de Defensa que estaba a "desfacerse" do vasto patrimonio que tiña no Estado o tiña desafectado e posto á venda por corenta e dous millóns de pesetas. Foi a través dun cargo militar, veciño da comarca, como o Concello soubo deste feito procedendo de xeito que evitou que un monumento histórico nacional fose privatizado. O comprador era un coñecido promotor da Coruña.

As xestións iniciadas polo Concello foron torpedeadas (nunca mellor dito) desde a Capitanía Militar da Coruña á que o alcalde saltou negociendo directamente en Madrid a compra. Supostamente, o prezo era o que aparecía no BOE pero o xeneral, responsable da Xerencia, fixouno na oferta que fixeran os particulares e que case triplicaba o prezo de saída, 136 millóns

LA CORUÑA

Pretende habilitarlo como un museo de ciencias marinas

El Ayuntamiento de Oleiros canjeará 32 parcelas por el Castillo de Santa Cruz

9

El Ayuntamiento de Oleiros firmará a principios de junio un convenio urbanístico con el Ministerio de Defensa para que pase a sus manos el Castillo de Santa Cruz, que podría ser habilitado como un gran museo autonómico con especial atención a las ciencias marinas, según informó a este diario Ángel García Seoane, titular de la Corporación de Oleiros. El convenio consistirá en la permuta del Castillo de Santa Cruz, propiedad de Defensa, por un total de 32 parcelas aportadas por el Ayuntamiento. Este acuerdo no oculta, sin embargo, la existencia de ciertas diferencias entre el Gobierno municipal y altos cargos del Ejército por el actual estado del este monumento.

El Castillo de Santa Cruz fue cedido en 1938 por el marqués de Cea a la Armada de Caballería para acoger a los alumnos del Colegio de Infantería. La Armada lo que su gestión ha correspondido desde entonces a su custodia y administración, invirtiendo y asegurando desgastos en estos momentos «si se autoriza la cesión o venta de los muebles propiedad del Ministerio de Defensa a particulares o si, por el contrario, se permite el traslado del mismo a otras dependencias militares».

García Seoane es especialmente crítico con el departamento ministerial, cuando recuerda la adquisición de los últimos días de «los dos cañones que permanecían en el Castillo y que pudieron ser adquiridos a través de las imágenes televisivas emitidas recientemente por TVG en mano».

En efecto, resulta la rápida protesta del titular del Ayuntamiento de Oleiros y de los responsables de la Gerencia de Infraestructuras del Ministerio de Defensa, a quienes no llegó ayer mismo el rechazo formal de su Corporación ante «situaciones de irregularidades», en las que, en su opinión, se actúa contra el patrimonio público.

El alcalde de Oleiros manifiesta que con las negociaciones entabladitas con el Ministerio de Defensa para suscribir un convenio urbanístico se pretende impedir que el departamento gubernamental «realice una operación que califica de «operación especulativa» y que consistiría en la venta de un bien de grandes características históricas a cualquier particular o grupo social privado».

No obstante, la de ayer no fue la primera toma de contacto entre representantes municipales e institucionales del Gerencia de Infraestructuras y el Ministerio de Defensa, por cuanto se realizó el viernes la tres encuentros previos en Madrid en los que tomó parte García Seoane y el general Valverde.

De acuerdo con el regidor del Ayuntamiento de Oleiros, los detalles del acuerdo se hallan prácticamente cerrados, con lo que se podrá plasmar en un documento a principios de junio. El director de la Alternativa de Oleiros estima que este convenio representaría un hito trascendental no sólo a nivel provincial autonómico y destaca el apoyo recibido por la Comisión de Patrimonio de la Xunta y el presidente de la Corporación municipal, que considera que diversos convenios urbanísticos suscritos con particulares


castillo de Santa Cruz y de los diez mil metros cuadrados del terreno que lo rodea por parte del Ayuntamiento de Oleiros establecen la cesión por parte de este al Ministerio de Defensa de 32 parcelas para su urbanización situada en el término municipal de Oleiros, terrenos que, informa el presidente de la Corporación municipal, tienen el valor de diversos convenios urbanísticos suscritos con particulares».



de pesetas. Como se daba a circunstancia de que o Concello ou calquera outra administración pública, Deputación ou Xunta, tiñan dereitos prioritarios ante calquera particular e o alcalde fora ben asesorado porque o castelo tiña un prezo oficial publicado no BOE, o resultado final foi que o Concello mercou o castelo en 89 millóns de pesetas que se sufragaron coa venda do 10 % das parcelas de cesión obligatoria no proceso de urbanización dos Regos. Unha vez ultimada esta operación en Madrid, o Concello quixo tomar posesión do castelo pero o capitán xeral da zona impidiuno.

Durante unha semana leváronse mobles e obxectos que pertencían ao inmoble que fora residencia de orfos da arma de cabalería. O edificio quedou desvalixado de calquera peza de valor ou histórica porque a maiores se levaron pezas de artillería de bronce e o pouco que había sen ningún valor quedou esnaquizado.

Na capela non deixaron nin un só santo. Ante tal situación o goberno municipal denunciou, a través dos medios de comunicación os feitos, fixando un novo día para a toma de posesión in situ. Para o día sinalado convocouse a todos os medios. Como a marea estaba alta, o concello contratou os servizos dun barqueiro. Acompañaban o alcalde os concelleiros Esther Pita Pita e Guillermo Fernández-Obanza, pero tamén apareceron 18 policías militares en sidecares e vehículos todoterreos, así como membros da garda civil que comunicaron ao alcalde que tiñan



■ O alcalde recibindo o representante do Exército



■ Acto de capitulación e toma de posesión nos accesos ao castelo

orde do gobernador civil de impedirlle o acceso ao castelo. Desoindo as ordes do responsable da Garda Civil e do comandante que estaba ao mando dos 18 militares embarcaron coa prensa e a televisión rumbo á illa. Os militares a bordo dunha embarcación tomaron a illa, empuñando as armas a todo o longo do seu perímetro. A situación de tensión que se creou motivou que os medios se angustiasen e solicitasesen do alcalde o regreso ao porto de Santa Cruz quedando na embarcación só o alcalde cos dous concelleiros que, ante a actitude belicista dos militares que se comunicaban con Capitanía mediante o contrasinal "zorro uno a zorro dos", acordouse ese día dar a volta a todo o illote seguidos desde terra pola policía militar. Estes feitos, publicados polos medios, obligaron a Capitanía Militar da Coruña a fixar día e hora, para unha definitiva toma de posesión do castelo de Santa Cruz, cuxa acta asinouse no exterior do seu acceso.

Días despois o Concello organizou unha toma da fortaleza por parte do pobo na que participaron veciños de todo o municipio.



■ Toma do castelo polos veciños



■ Expropación e inicio da primeira fase do parque José Martí

Nesta lexislatura, a través do desenvolvimento urbanístico e das expropiacións, trátase a construción e dotacións dos primeiros parques públicos do concello: José Martí en Santa Cristina, a lagoa de Mera, Obelisco en Oleiros, Luis Seoane en Santa Cruz...



■ Adquisición dos terreos do parque Luis Seoane



■ Lagoa de Mera adquirida polo Concello para a creación dun parque

Tamén e co apoio do presidente da Deputación da Coruña, Enrique Marfany, grazas á influencia no tripartito que gobernaba na Xunta de Galicia, logrouse que o proxecto redactado polo Concello para a creación da primeira fase do porto de Lorbé, fose aceptado pola Consellería e apoiado por Miguel Martínez Losada, membro do goberno autonómico, conselleiro de traballo e benestar social.



■ Visita ao porto de Lorbé para iniciar o proxecto



Con anterioridade, o Concello tiña tratado o financiamento dun edificio para almacén e cámara frigorífica da Confraría de Pescadores, xa que os mariñeiros de Lorbé carecían de toda a infraestrutura necesaria para desenvolver a súa actividade pesqueira, agás unha rampla para varado e atraque de lanchas e mexilloeiras.

A costa oleirense é a gran favorecida nesta etapa. Con xestións ante a Dirección do Estado e expropiacións, conséguense a recuperación da desaparecida praia de Santa Cristina, así como a primeira fase do paseo marítimo desde Casa Sara ao Hotel Rías Altas. Lévase a cabo tamén o paseo marítimo desde o porto de Santa Cruz ao Portocobo.



■ Recheos na praia de Santa Cristina




■ En primeiro plano vese a edificación expropriada polo Concello que había onde hoxe se sitúa o paseo de Santa Cruz


O desenvolvemento urbanístico permite obter un importante patrimonio para o uso público a través de convenios: o pazo Arenaza, a Casa Charry, casa da xuventude na rúa Darwin, hoxe cedida para as asociacións de fomento do deporte.

Nesta lexislatura iniciase tamén a construción do primeiro cemiterio municipal en Liáns. Importante foi a recuperación do patrimonio histórico - relixioso da igrexa románica de Santa María de Dexo que se reconstruíu na súa totalidade debido ao estado do posible derrubamento da súa fachada principal. Esta reconstrucción levouse a cabo coa oposición inicial do Bispo que rexía Rouco Varela a pesar de que contaba co apoio do párroco local e dos veciños de Dexo.

Un sector dos párrocos do concello, en concreto Manuel Calviño de Santa Cruz, Antonio Pazo Buján de Dorneda e Guillermo Taboada de Oleiros mantiveron desde o inicio das corporacións democráticas unha actitude belixerante cara aos gobernos de Alternativa dos Veciños chegando incluso a participar, algúm deles directa ou indirectamente, nas campañas electorais da oposición.



■ Reinauguración da igrexa de Dexo



■ A igrexa desmontada pedra a pedra



O cura de Dorneda, que xa no ano 1979 impedira dar un mitin no contorno da igrexa, destacou pola súa hostilidade, coa interposición de preitos e obstaculizando a mellora de servizos públicos como foi a conducción de traída de auga ao norte do concello.

O de Santa Cruz foi o autor da venda a promotores privados de más de catrocentos mil metros cadrados na parroquia de Liáns, terreos que foran doados por dúas familias para “fins de culto da igrexa católica á parroquia de Liáns” e que comprenderon a primeira fase da urbanización As Galeras así como a actuación urbana dos apareados do Catasol en Méndez Núñez, por toda a parroquia. A venda das propiedades supuxeron máis de 532 millóns de pesetas, “cifra oficial” recibida



■ Acto de apertura da igrexa de Dexo

Nesta venda non se tivo en conta a catro familias de caseiros históricos que vivían en casas situadas nesas terras e que viñan sendo traballadas por distintas xeracións desde había máis de setenta anos. O goberno municipal impidiu calquera tipo de actuación urbanística ata que non se solucionase a situación dos afectados intervindo ante os compradores do solo para entregar aos caseiros novas vivendas e as indemnizacións en solo ou en cartos que lles correspondían conseguindo así evitar ainxustiza que pretendían cometer tanto o Bispado como o párroco de Liáns quen, ademais, tamén participaba directamente nos mitins do Partido Popular solicitando nas súas homilías o voto para os seus candidatos. Á vista

do exposto cabería inverter o dito aquel “con la iglesia hemos topado” porque estes feitos demostran o contrario.



■ Neira Vilas e a súa esposa no acto inaugural do instituto de Perillo

medalla outorgáraselle un ano antes, pero Neira Vilas estaba en Cuba onde residía e non pudo desprazarse para recollela.

O cumprimento dos obxectivos marcados e o gran traballo levado a cabo no campo do social, así como a firmeza na defensa dos intereses municipais ante os distintos poderes civís e políticos de Estado fixo posible que Alternativa dos Veciños acadara nas eleccións de 1991 a maioría absoluta. Lamentablemente uns meses antes falecera o concelleiro que posibilitara a estabilidade a esta formación política e polo tanto partícipe do progreso conseguido entre 1987 e 1991, Ricardo Cubeiro.

Hoxe Ricardo Cubeiro Pena, é lembrado cunha rúa no centro de Santa Cruz.

En maio de 1989 inaugúrase o primeiro instituto de Ensinanza Secundaria na localidade de Perillo asignándosele o nome do escritor galego Xosé Neira Vilas. Ao acto asisten, procedentes de La Habana onde residían, ademais do propio Neira e a súa dona Anisia Miranda, o presidente da Xunta de Galicia Fernando González Laxe, quen lle fai entrega da medalla Castelao. Esta



■ Placa da rúa que homenaxe a o concelleiro Ricardo Cubeiro



A nova corporación, constituída o 15 de xuño de 1991 queda formada por dez concelleiros de Alternativa dos Veciños, cinco do Partido Popular e dous do PSOE.

Alternativa dos Veciños: Ángel García Seoane, Esther Pita Pita, Manuel Fernández Siso, Guillermo Fernández-Obanza, Alfredo Novoa Gil, Fernando García Sánchez, María Pilar Pardo Veiga, Carlos García Neira, Ana Pallares Corral, Julia Eiroa Morandeira.

Partido Popular: Jesús Graña Trillo, Francisco Vázquez Mosquera, Nicasio Manuel Pan Sánchez, José Antonio Gomez Mahía, María Vieites Louro.

PSOE: Manuel Sánchez Rodríguez, Manuel Lorenzo Fernando Meilán Ramos.

A maioría absoluta outorgada polos veciños á candidatura veciñal propiciou un goberno estable e rematou coas intrigas da oposición permitindo ao goberno municipal dedicarse de cheo a solucionar os problemas do concello e a consensuar e demandar das administracións do Estado, autonómicas e provinciais as infraestruturas e equipamentos que Oleiros necesitaba.

Esta lexislatura, desde 1991 a 1995, foi tamén a dos convenios con empresas e particulares para conseguir o solo preciso para levar a cabo servizos e dotacións sanitarias, culturais, apertura de novas rúas, parques, paseos...



■ Vista da construción da praza de Liáns

O incremento do patrimonio público foi espectacular: diversos pazos e fincas singulares pasaron gratuitamente a ser propiedade municipal a través da xestión urbanística e grazas a ela compensábase aos seus propietarios.

Estas edificacións protexidas polos plans urbanísticos que formaban parte do catálogo de patrimonio histórico e cultural, hoxe prestan servizo á cidadanía: bibliotecas, museo, centro de día, instituto de educación medio-ambiental da universidade, dependencias administrativas, escola de música, centros de interpretación da natureza, centro de formación laboral, fundacións, casas de préstamo aos veciños...


A pesar da crise económica que o Estado estaba a padecer, Oleiros tiña Plan urbanístico, o que lle posibilitou ao goberno municipal tratar directamente a urbanización dos asentamentos más poboados e conseguir deste xeito innumerables espazos públicos humanizando ao mesmo tempo as localidades onde a agresión especulativa dos setenta tanto dano fixera.

É precisamente, a través do planeamento e as súas cesións, como Perillo e Santa Cruz conseguiron o solo para os equipamentos escolares, sanitarios, culturais e de servizos. As novas urbanizacións, respectuosas co contorno e de baixa densidade urbanística, dotaron de novas vías, zonas verdes e prazas as súas áreas de influencia e fixeron que

novos veciños se sentisen atraídos por este xeito de facer política e viñeran a vivir a Oleiros.

Estas políticas urbanísticas foron moi contestadas por algúns propietarios, xa que non entendían porque había que urbanizar para poder construír. Isto trouxo consigo o inicio dun desgaste do goberno municipal, que lle pasaría factura, porque a oposición tamén baseaba as súas campañas manifestando que “a política comunista do goberno roubaba as propiedades e impedía a libre construcción”. Tiñan morriña das épocas especulativas e destrutivas, de volver ao pasado.

A firmeza do goberno municipal na defensa do medio natural e a ordenación do territorio permitiu seguir xerando actuacións que, pouco a pouco, estaban a consolidar espazos agradables para vivir. A subida de ton da oposición que apoiaba a especuladores xerou unha escalada de denuncias de todo tipo: civís, penais, administrativas.. sumando máis de cen nesta lexislatura. Os motivos eran variados pero destacaban dous: a intención dos infractores de paralizar a acción municipal de apertura de expedientes para derribo e sancións agardando que na próxima lexislatura gobernara outro partido que dera carpetazo ás ilegalidades cometidas. Outro dos motivos debíase a que o goberno municipal empezara unha revisión do Plan xeral para adaptalo ás novas leis do solo de 1985 e a Lei de costas do Estado de 1988, e tamén para reordenar os núcleos urbanos e fortalecer a defensa da costa e dos espazos naturais.



■ Cemiterio de barcos onde hoxe se sitúa a zona de aparcamento da Fábrica no paseo da Ría

Aqueles que crían que todo o monte era ourego animaban os veciños a utilizar a vía xudicial para desgastar o goberno. Entre eles destacaba un avogado accionista da empresa “Sancrisa” (destrutora dos areais de Santa Cristina) que era o pai do próximo candidato do Partido Popular á alcaldía de Oleiros, Jesús Fernández Rosende. Esta persoa, que se presentara xa polo partido liberal de Oleiros, non logrou representación na corporación, pouco máis de cen votos, afiliándose posteriormente ás filas do Partido Popular coa finalidade de ir escalando postos co apoio do sector máis duro e reaccionario situado na parroquia de Oleiros. A súa apariencia de bonachón xunto co seu populismo serviu de acicate para ir sumando a todos

os cabreados e non compracidos polo Plan xeral que se estaba a redactar. A estes había que engadir un “selecto” grupo de destacadas familias coruñesas coa segunda residencia neste municipio, que posuían tamén grandes extensións de solo que aspiraban a cualificar e que tiñan influencia en decenas de familias que nalgún tempo servirán aos seus devanceiros.

Este “selecto” grupo tiña peso nos organismos públicos tanto estatais como autonómicos e provinciais. Altos cargos, que formaban parte da familia popular, con poder de decisión, eran fáceis de distinguir polas continuas cambadelas e resolucións que ditaban ante calquera xestión, demanda ou

iniciativa presentada polo goberno de Alternativa dos Veciños. De igual xeito, as súas sombras prolongábanse nalgúns dos xulgados onde se presentaban denuncias contra o Concello ou o seu alcalde cando se paralizaban construcións ou se reivindicaba o uso libre das praias.

Unha das denuncias más graves foi a presentada contra o alcalde García Seoane por un “xestor” de compra de solo moi ligado aos propietarios da praia de Santa Cristina, a sociedade Sancrisa. Este individuo comprára-

Iles un cacho de areal no que había unha caseta propiedade da Dirección Xeral de Costas do Estado e que fora construída na década dos 50, como albergue para o vixiante dunha cetaria e dun criadeiro de ostras.

A citada denuncia baseábase en que o alcalde ordenara destruir un muro de “cachotería granítica” que protexía a citada construcción situada na periferia da preamar. Na demanda presentada denunciábase o abuso de poder (prevaricación) por parte do alcalde.



■ Vista aérea da Fábrica e do Paseo da Ría en Santa Cristina



Na realidade o que se levou a cabo foi a limpeza da praia de Santa Cristina do depósito dun camión de pedras que o infractor Bautista Prado descargara para “protexer o que o mar levaba co cambio de correntes”, orixinado pola eliminación dos viveiros de mariscos, situados no que hoxe en día é parte do parque José Martí, e tamén pola erradicación do cemiterio de barcos fronte á Fábrica.

De novo, o avogado do denunciante era o pai do futuro candidato do Partido Popular de Oleiros que xa figuraba como letrado en máis de dez denuncias relacionadas co tema. Lamentablemente, serviu para que os populares e os seus acólitos, entre os que figuraban un amplio número de especuladores, viran cumplidas as súas aspiracións. Así, en marzo de 1993, o xuiz que levaba o proceso, fallou condenando a García Seoane a seis anos e un día de inhabilitación para exercer cargo público como concelleiro ou como alcalde.

Este fallo xudicial contra un alcalde que estaba defendendo o patrimonio público e o libre tránsito pola zona dos seis metros da preamar, levantou unha forte protesta entre os cidadáns, que estaban convencidos da inxustiza que se estaba a cometer co alcalde por ambicións políticas dunha oposición que quería conseguir con preitos o que lles negaran os veciños nas urnas.



■ "Muro de cachotería" polo que García Seoane foi inhabilitado



■ Veciños apoando o alcalde

Foron moitas as entidades veciñas e sociais, tanto de Oleiros como da comarca, que amosaron a súa indignación polo auto, que concluíu o 23 de outubro de 1994 cunha manifestación masiva de apoio a García Seoane, na praia de Santa Cristina, lugar dos feitos. É de resaltar que nesta sentenza afírmase que o demandante, Bautista Prado, é o propietario da caseta cujas pedras limpava o Concello, mentres que noutra sentenza, por demanda da Dirección Xeral de Costas, recoñécese a este organismo a propiedade que, ese mesmo ano, é demolida polo Ministerio.

Resumindo, dous xulgados, dúas senten-

zas distintas sobre un mesmo caso: a titularidade da caseta que serviu para criminalizar o alcalde García Seoane e inhabilitalo como tal durante seis anos e un día. A condena máxima que a lei permitía. A sentenza foi recorrida e ratificada dous anos máis tarde.

Este fallo xudicial, potencióu as aspiracións do futuro candidato do Partido Popular a ocupar a alcaldía e comezou a desprazar da escena política aos que nese momento ocupaban responsabilidades municipais dentro deste partido. Á cabeza estaba Jesús Graña Trillo, persoa de boas formas e dialogante.



■ Manifestación popular contra a sentenza, en Santa Cristina



Á marxe das políticas de desprestixio nas que se afanaban os membros da oposición utilizando a vía xudicial para intentar dar credibilidade ás súas políticas difamatorias, a lexislatura do 1991-1995 foi pródiga no logro dos obxectivos que o goberno municipal tiña comprometidos cos cidadáns. Aos xa comentados temos que engadir a creación dos servizos sociais. O Concello de Oleiros foi pioneiro na implantación do servizo de axuda a domicilio para as persoas que o precisaban, destinando importantes recursos económicos e humanos nesta tarefa. Para iso, o goberno contaba cunha concelleira cunha especial sensibilidade: Esther Pita Pita.

É tamén nesta lexislatura na que o goberno de Alternativa dos Veciños, trata a primeira promoción pública de vivendas sociais e de protección no lugar de Arillo, en Dorneda,

sendo 76 as familias oleirenses que se beneficiaron desta iniciativa e que sería o inicio das 632 que posteriormente se foron construíndo noutras localidades do municipio, todas elas situadas en ámbitos urbanos de gran calidade medioambiental e dotadas de todos os servizos e equipamentos culturais e deportivos.

A xestión do Plan, a través de plans especiais de protección costeira e o desenvolvemento de plans parciais, posibilitou levar a cabo convenios cos propietarios do solo. Exemplo diso é o plan especial do contorno de Bastiagueiro que permitiu a creación do parque tras a praia e o paseo, logrando o concello unha zona verde de 18.000 m² sen ningún custo. Deste plan especial temos que excluír os propietarios da chamada finca da Silva, cuxa negativa a chegar a un acordo obrigou



■ Casas e finca expropiadas polo Concello, cuxos terreos formarán parte da praia de Bastiagueiro

o goberno municipal a expropiar unha parte desta e, grazas a iso, hoxe en día, miles de veciños gozan do seu tempo de ocio nesa propiedade municipal.

Esta parcela, integrada con outras adquiridas é rexistrada mediante un edicto, formaba parte da praia de Bastiagueiro ata os primeiros anos da década dos 50 do pasado século. A presenza da familia Silva na zona, coincide coa “adquisición” da familia do ditador Francisco Franco doutra parcela na que había unha caseta de baños que os Franco utilizaban nos seus desprazamentos a Galicia no mes de agosto, mes durante o que, tanto a praia de Bastiagueiro como o seu contorno, eran tomados literalmente por decenas de gardas civís. Cabe lembrar que o patriarca dos Silva, vinculado ao sector da banca, fora estreito colaborador do ditador e tamén se afincou en Bastiagueiro.

A través da xestión urbanística conséguese crear, sen ningún custo para o concello, xa que foi con cargo á urbanizadora dos Regos, a primeira escola infantil de 0 a 3 anos. A xestión lévase a través dunha cooperativa de novos oleirenses, cubrindo así unha necesidade que xa tiña unha forte demanda entre a poboación debido á gran cantidade de novas

familias nas que traballaban ambos os dous proxenitores.

Son decenas os novos servizos e equipamentos creados nesta lexislatura e tamén é inmensa a dedicación a problemas sociais e de cooperación internacional. Oleiros abandou o compromiso de destinar o 0,7 % do orzamento aos pobos pobres do mundo. En Galicia impulsou a creación do Fondo Galego de Cooperación e solidariedade composto hoxe en día por máis de 90 municipios e as Deputacións e cuxa presidencia ostentou durante máis de quince anos. No ano 1993, o Club Adiante premia o Concello de Oleiros pola súa solidariedade.

Nesta lexislatura, desde 1991 a 1995, son innumerables os actos de solidariedade co pobo nicaraguano, co Salvador, coa República de Cuba, co pobo palestino, con África e especialmente cos saharauís.



■ O alcalde participou como observador da guerrilla nas eleccións do Salvador



O Concello de Oleiros, xunto con outros de España, iniciou a campaña “Vacacións en Paz” destinada a nenos afectados pola guerra da independencia do Sáhara. Cabe destacar aquí a inmensa dedicación e gran profesionalidade dunha das persoas más solidarias cos nenos oleirenses e doutros países: a pediatra Cecilia Vecillas, quen, ademais de colaborar co concello na atención desinteresada aos nenos do Sáhara, desprázase nas súas vacacións coa ONG Solidariedade Galega a países de América Latina para prestarlle os servizos médicos que tanto necesitaban.



■ A pediatra Cecilia Vecillas



Tamén é nesta lexislatura cando o alcalde, Ángel García Seoane, participa na campaña internacional para a obtención do Premio Nobel da Paz apoiendo a candidatura da indíxena guatemalteca Rigoberta Menchú, a quen acompañou por diversos países de América Latina e tamén no momento da recollida do Nobel, en 1992, en Oslo.

■ O alcalde e Rigoberta Menchú en Oslo

Outras campañas municipais a destacar estiveron vinculadas a implicar o goberno de España, a Xunta de Galicia, concretamente o seu presidente Manuel Fraga Iribarne, en asuntos relacionados con Cuba, Libia, Guatemala e Arxentina, intentando buscar compromisos e solucións a asuntos de gran interese social e político que obtiveron unha ampla repercusión dos medios e nos que se lograron os obxectivos previstos.



■ Receppción na Habana á comitiva do presidente da Xunta, Manuel Fraga

A política cultural e educativa oleirense obtén o recoñecemento das más altas institucións e colectivos culturais de Galicia. Músicos, poetas, escritores, escultores... figuras como Isaac Díaz Pardo, Alonso Montero, Neira Vilas, Xabier Seoane, Manuel Rivas, Manuel María, Pilar Pallarés, Xabier Docampo... entidades como a Irmandade do libro, a Real Academia Galega,

entre moitos outros, ofreceron charlas, actuacións nos nosos múltiples equipamentos, colaborando con iso a incrementar o nivel cultural do noso municipio. Foi decisión de Díaz Pardo e de Maruxa Seoane autorizar o Concello a reproducir en granito unha maqueta que o propio Luis Seoane elaborara en escaiola como homenaxe e lembranza aos emigrantes que, desde o porto



da Coruña, partiran para As Américas e cuxa idea inicial era que se situase no citado porto, falecendo sen velo realizado. Desde Oleiros fixose realidade o seu desexo e para iso contratouse ao escultor Francisco Escudero.



■ Inauguración do Monumento ao Emigrante

Este fermoso monumento, composto por un grupo de persoas despedindo os emigrantes, está colocado no porto de Santa Cruz, fronte ao mar, como quería Luis Seoane. A súa inauguración formou parte do acto central do Día das Letras Galegas o 17 de maio de 1994 na nosa comunidade autónoma.



Grazas a esta política cultural o polifacético artista José María Kaydeda séntese atraído polo noso concello e deste xeito, este pintor, escultor e escritor, xunto coa súa compañeira Teresa Jorge, viaxan de Barcelona a Oleiros para residir aquí, ofrecéndolle ao concello unha colección de máis de 4.500 pezas de barro recollidas ao longo da súa vida en diversos alfares do estado español, así como algunas pezas precolombinas a cambio de que se creara un museo.

Ademais, doaron tamén diversos cadros de gran valor e más de mil pezas antigas para a creación doutro museo etnográfico. Como contraprestación facilitóuselle unha vivenda

e unha renda vitalicia a Kaydeda como director do Museo dos Oleiros, situado nas Torres de Santa Cruz.

Pero Oleiros tamén ten artistas con nome propio como Emilio Siso Veciño, veciño de Maianca, a quen lle debemos a fermosa escalinata do parque no contorno da igrexa de Liáns, construída no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo. Gran artista da pedra, Emilio, foi tamén o autor do Monumento á Paz fronte a Casa Charry, do frontal da fonte de Canabal, ademais de diversos cruceiros que adornan os espazos públicos oleirenses.

■ Vista parcial do museo Os Oleiros, en Santa Cruz





Iníciase nesta lexislatura a elaboración do segundo plan de urbanismo. Cabe lembrar que o primeiro aprobouse en 1985, executándose en máis dun 80 %. Con este segundo plan, o goberno, acadou a sinatura de varios convenios que permitiron incluír no seu inventario municipal infinito dade de propiedades como edificios protexidos e catalogados así como fincas singulares, grandes áreas para novos parques, prazas e novas redes viarias, ade más de terreos para dota cións de equipamentos sociais, culturais, educativos e sanitarios. Destacamos entre eles: Rialeda, A Fábrica, Lóngora, Labarta, Espoz e Mina (Finca da Carballeira), Nirvana...

Todas as propiedades debían de ser entregadas gratuitamente ao Concello coa aprobación definitiva do Plan xeral levada a cabo polo Goberno municipal coa maioría dos concelleiros de Alternativa dos Veciños.

Lamentablemente, como xa se comentou, a utilización



■ Pazo restaurado de Juana de Vega, en Nós

por parte da oposición, especialmente o PP e o seu novo e próximo candidato ás eleccións de 1995, impidiu que a Xunta de Galicia lle dera o visto bo ao Plan, relegando a súa aprobación ata que tivesen lugar as eleccións municipais dese mesmo ano. De feito estaban a utilizar o poder autonómico para impulsar o seu candidato, creando falsas expectativas a todos os que tiñan impugnado o Plan a través de alegacións e que non foran estimadas por ser contrarias á ordenación urbana e ás leis que rexen o urbanismo. Esta e outras manobras para

gañar electorado entre os cabreados e os sectores especulativos que xa tiñan comprado grandes extensións nas que pretendían obrar sen urbanizar (como se facía en municipios limítrofes e noutros moitos de Galicia), doulle gran resultado aos populares. A mentira, a difamación nuns, a avaricia e o odio noutros e, tal vez, unha falta de información por parte do Goberno municipal cara a aqueles veciños aos que se lles estaba desinformando e que acabaron por crer as consignas dos grupos da oposición, fixo que Alternativa dos Veciños perdera a

maioría no goberno a pesar do aumento de catro concelleiros na corporación, xa que Oleiros tiña máis de 20.000 habitantes, pasando de 17 a 21 os membros electos. Os tres novos serían para o Partido Popular.

A nova corporación, saída das eleccións de 1995, quedou constituída o 17 de xuño por nove concelleiros de Alternativa dos Veciños, nove do Partido Popular (catro máis que nas pasadas eleccións), tres do PSOE (sobe un, o que perde Alternativa).

Alternativa dos Veciños: Ángel García Seoane, Esther Pita Pita, Manuel Fernández Siso, Ana Pallares Corral, Alfredo Novoa Gil, Fernando García Sánchez, Emilio Zapata Muñiz, María José Varela Neira, Lidia Candal García

Partido Popular: Jesús María Fernández Rosende, Cesar Oswaldo García Díaz, María Vieites Louro, Antonio García Fernández, María Mercedes Pardo Fernández, Rosa María Uzal Rodríguez, Benjamin López de Manterola Soriano, Jesús Isidro García Sánchez, Jaime Porta Ramos

PSOE: Francisco Cerviño González, Luis Vázquez Rodríguez e Xan Naia Bello

A lista máis votada foi a de Alternativa dos Veciños.

Para a toma de posesión do novo goberno, o PSOE intenta chantaxear a Alternativa dos Veciños solicitando a alcaldía e propoñendo a dimisión de García Seoane por estar incurso nunha sentenza xudicial, en referencia á

retirada das pedras da praia de Santa Cristina que, nese momento, estaba recorrida ante o Supremo. Novamente os socialistas, ameazan con pactar co Partido Popular porque cos seus tres concelleiros tiñan a chave para un goberno con maioría absoluta. Alternativa dos Veciños non cedeu á chantaxe, que xa sufrira nas eleccións de 1983, e co PP tampouco lle funcionou porque os populares non admitiron que un partido con tres concelleiros usurparan a alcaldía a outro que tiña nove, e isto debido a que aínda que con iso podían “maniatar” as decisións da alcaldía, non podían capitalizar a futura xestión por parte do PP.

Comeza así un novo mandato, de 1995 a 1999, no que goberna Alternativa dos Veciños, por ser a lista máis votada, aínda que en minoría e coa ameaza constante do portavoz do PSOE, de non apoiar as súas propostas mentres sexa alcalde García Seoane.

Distinta foi a actitude do portavoz do Partido Popular, Rosende que, non querendo ser o convidado de pedra, brindouse a pactos puntuais. Esta postura truncou as aspiracións futuras do PSOE porque deixou de ser imprescindible para a aprobación dos asuntos máis relevantes no pleno da corporación. A seriedade e a habilidade política da Alternativa dos Veciños, cuxas negociacións levara a cabo o primeiro tenente de alcalde, Alfredo Novoa Gil, fixo posible os ditos acordos puntuais, entre




O PSOE de Galicia tiña un desmedido desexo de rematar politicamente con García Seoane, pensando que o concello caería nas súas mans como maná caído do ceo se este desaparecese da escena política. Temos que lembrar os enfrentamentos que Oleiros tiña con Francisco Vázquez, alcalde da Coruña, xa que a Mancomunidad de Municipios era manipulada ao seu antollo e García Seoane era a voz disonante. Era considerado como “un gran no traseiro”, e este era o momento propicio para facelo desaparecer do escenario político. Deste xeito, o 3 de abril viaxa a Madrid o mensaxeiro membro da executiva do PSOE galego, Abel Caballero, coa misiva

de non outorgar o indulto, quedando o asunto enriba da mesa.

No último goberno de Felipe González asináronse máis de 3.600 indultos, a maior parte deles absolvían de culpa a persoas que roubaran en distintas administracións do Estado así como unha longa lista de delincuentes.


O 18 de xullo de 1996, 60 anos despois do golpe de estado franquista, inhabilitan a García Seoane (Gelo) para exercer o cargo de alcalde ou concelleiro. Na súa despedida escribe un epitafio no libro de honra do Concello de Oleiros.




■ Libro de honra

Dá comezo así unha nova e convulsa época, con Esther Pita de alcaldesa, na que o Partido Popular cre ver aberta a porta da alcaldía na nova lexislatura. Incluso empeza a sondar a algúン concelleiro de Alternativa dos Veciños nun intento de adiantar os acontecementos. A inhabilitación do alcalde, alegrara a todos aqueles que levaban anos preiteando e loitando pola súa desaparición. Aproveitando esta situación, un dos que máis o combateran, T. Rodríguez Sabio, o alto cargo do Opus Dei

e propietario de Canide S.A., co motivo da viaxe do presidente do goberno José María Aznar a Cuba, na que agasallou a Fidel Castro cunha garavata, enviou un escrito ao concello dirixido ao asesor, cargo ocupado polo ex - alcalde, intentando ridiculizar o feito, cun paquete que contiña unha esperpéntica garavata. O asesor non dubidou en responder co envío dunha corda de pita cun nó de aforcado por non atopar outro xeito máis enxebre adaptado a tan nobre persoero.



■ Cartas enviadas





O Goberno municipal, ante as constantes denuncias e preitos que se presentaban contra esta administración local e as persoas que a dirixían, contratara na década dos 80 a asistencia dun gabinete de avogados honrados e de prestixio entre os que se atopaba Rafael Bárez, unha persoa de gran calidade humana, militante comunista, avogado laboralista e asesor de CCOO, concelleiro na Coruña e autor do Plan de urbanismo desta cidade que puxera fin aos excesos urbanísticos das

etapas anteriores pero que posteriormente fora modificado negativamente. Cabe destacar o seu asesoramento en múltiples expedientes e resolucións do Concello de Oleiros que contribuíron a dar credibilidade ao municipio.

Rafael Bárez, que faleceu en 1996, defendera o preito polo que inhabilitaran a García Seoane e, ao saír da sala do xuízo, manifestou o seu desacordo co desenvolvemento da vista e vaticinou o “fallo” xudicial. A súa impe-

cable traxectoria profesional e persoal en Oleiros e en Galicia como defensor da clase traballadora, como político e como letrado levou o goberno municipal a erixir un busto na súa memoria nun dos parques más fermosos de Oleiros, o José Martí.

Había poucos meses desde que o Goberno municipal enxalzara tamén a figura doutro gran defensor da clase obreira, Nicolás Redondo, denominando co seu nome o parque da Urbanización Rialta.

O motivo principal que levou o Goberno a tomar esta decisión foi a situación a que se estaba a someter, desde a cúpula estatal do PSOE, a este sindicalista por non aceptar, como deputado nas Cortes, certas políticas liberais que o goberno de Felipe González defendía por imposición de EEUU e doutros gobernos europeos, como o alemán. Nicolás Redondo, secretario xeral da UGT, nunca traizoara os dereitos dos traballadores nin



■ Nicolás Redondo no día da inauguración do parque en Arillo

as políticas progresistas que permitiron que en España nacera unha ampla clase media grazas ao traballo e aos dereitos acadados pola loita de millóns de cidadáns españois.

Sobraban razóns para que fora lembrado no noso concello.

De novo Alternativa dos Veciños, igual que fixera ao comezo da lexislatura, invita o PSOE a participar no goberno. Tras seis meses de conversacións asínase un pacto integrando os socialistas no goberno municipal, logrando así un goberno estable e deixando o Partido Popular sen o seu aliado ocasional para temas puntuais do Pleno. Grazas a este pacto, Alternativa dos Veciños logra evitar unha forte crise municipal e garante tanto a execución do segundo Plan xeral de ordenación urbana, como o cumprimento dos compromisos ofrecidos aos veciños a través do seu programa electoral. Aos populares só lles queda a pateadura nos dous anos que faltaban para os próximos comicios.

Ao PSOE este pacto, con García Seoane destituído de alcalde, dálle o anhelo de integrar a Alternativa dos Veciños no partido.

Cabe destacar o cambio de actitude dos concelleiros socialistas ao entrar no goberno, xa que cando estaban na oposición esixían a convocatoria de diversas comisións e plenos e, no acordo asinado, impoñían a "redución ao mínimo imprescindible de todo

tipo de comisións e tamén a retirada de todos os asuntos do pleno, que non fosen obligatorios por lei, a favor da Comisión de Goberno". É dicir, non é o mesmo predicar que dar trigo.

Para que o pacto co PSOE fose posible, os socialistas esixiron que se lles entregasen as áreas de Obras Públicas, Urbanismo e Servizos Sociais, iso co ánimo de controlar o poder do goberno e supeditar a Alcaldía e os concelleiros de Alternativa dos Veciños ás súas decisións. O afán de poder impedía-lles ver a situación real do Concello, así como que Alternativa estaba "tocada" pero non afundida e que a súa estrutura estaba forte.

Na travesía, entre febreiro de 1997 e maio de 1999, tiveron un papel moi importante na xestión do Goberno a alcaldesa Esther Pita Pita e os concelleiros Alfredo Novoa Gil, responsable da Facenda Municipal e Manuel Fernández Siso, responsable das obras particulares. García Seoane é contratado como asesor xeral do Concello. Tanto a coordinación de todo o Concello como a cantidade e intensidade das horas dedicadas garanten que ningunha resolución ou decreto poida levarse a cabo sen o rigoroso control de Alternativa dos Veciños.

Nesta lexislatura, nun convenio asinado coa Xunta de Galicia, lévase a cabo a construcción da avda. Che Guevara. A achega gratuíta do solo pola maioría dos propietarios lindeiros, a través da xestión municipal, permitiu



tan fermosa avenida. Era a primeira aposta municipal para comezar a dotar o concello de carril - bici. Para finalizar os dous quilómetros que ten a vía, foi necesario expropiar a algúns particulares que se opoñían frontalmente á mellora pretendida.

Ao amparo da Lei do solo implantada polo goberno de Aznar e ante a suposta fraxilidade do goberno municipal, unha inmobiliaria madrileña adquire ao Ministerio de Defensa o solo que ocuparon as baterías

de Seixo Branco para levar a cabo unha urbanización na periferia dos acantilados.

A venda ilegal, feita con nocturnidade e aleivosía, foi paralizada polo Goberno municipal, revertendo novamente os terreos ao citado ministerio. Con posterioridade o Goberno local incluíu os terreos no ámbito de Rede Natura declarando a zona parque natural. Aínda así, o Goberno autonómico chegoule a dar a cualificación para parque eólico e tamén foi recorrido polo Concello impedíndo-a.



■ Zona declarada Monumento Natural Costa de Dexo e Serantes

Os acantilados de Seixo Branco e Dexo tamén foron obxecto dun naufraxio a plena luz do día e co mar en calma. O 27 de xuño do 1998, un pequeno mercante de graneis denominado “Diana María” chocou contra a costa encallando nos acantilados. O barco só sufrira unha pequena greta pero a Dirección Xeral de Portos do Estado pretendía desfacelo na costa abrindo unha vía no parque natural para o paso de grúas e camións. Para culminar a operación desprazáronse ao concello os responsables do porto da Coruña e o director de Portos en Madrid.

O Goberno municipal opúxose desde o inicio a semellante pretensión e respondeu negativamente xa que consideraba que o barco podía saír por mar tal como entrara. Só había que agardar a preamar de lúa chea. Ao responsable do ministerio, non lle gustou esta negativa municipal e días despois mandou ao Concello un “presente” que consistía nunha gorra e un cinto militar ao que o Concello correspondeu cun agasallo adecuado ao rango e á mala fe do personaxe: unha deposición de can envolta en papel de regalo. Días despois o Diana María foi sacado remolcado polo mar. O negocio do desmantelamento e das aseguradoras fora frustado polo Concello.



■ Encallamento na costa de Dexo do mercante Diana María






Diversos equipamentos e servizos, programados pola Alternativa dos Veciños, leváronse a cabo, entre os que cabe destacar: o edificio de Correos, o IES María Casares, a rehabilitación do edificio Rialeda, hoxe sede da biblioteca central, o paseo marítimo fronte á praia de Bastiagueiro, o centro social e cultural de Montrove...



■ Estado ruinoso no que quedou Rialeda despois do incendio



A maioría acadada despois do pacto Alternativa-PSOE puxo fóra de si o Partido Popular orixinando problemas internos na súa estrutura local, xa que algúns dos seus concelleiros eran partidarios de chegar a acordos puntuais con Alternativa dos Veciños, tal e como se

fixera noutras ocasións, o que lles permitiría lograr algúns dos seus obxectivos e impedir o pacto ao PSOE. A estratexia marcada polo sector máis reaccionario dos populares deixaba o grupo dos moderados como convidado de pedra nos plenos. Esa crispación interna e a designación do deputado autonómico, por vacante no grupo popular no Parlamento de Galicia, de Fernández Rosende, presidente e alcaldable do Partido Popular en Oleiros, divide en dous grupos os afiliados que xa tiñan a atención máis posta en quen ían ser os integrantes da próxima lista electoral que en facer o labor de oposición no Concello de Oleiros.

O Club de Regatas de Perillo, coa tripulación formada por: Óscar Ferreiro Brandón, Luis Hernández Alvedro, Rodrigo Iglesias Vila, Fernando Navas Aranda e Carlos Fernández como patrón, proclamouse campión de España por tres anos consecutivos, 1996, 1997 e 1998, na modalidade de bateis.



■ Club de Regatas de Perillo campión de España de 1997 en Castro Urdiales (Cantabria)

Transcorre así un tempo de relativa calma para o goberno municipal que chega ata as portas das eleccións municipais de 1999, tempo no que foi posible levar a cabo os compromisos electorais cos veciños a pesar de todos os atrancos sufridos desde distintas frontes: políticas, xudiciais, persoais....

Desde os grupos da oposición e desde as novas candidaturas que se formaron, aspirábase a apear do goberno a Alternativa dos Veciños. A seguridade de que García Seoane non participase como candidato e os posibles problemas internos que pola complexidá do sistema asembleario e de primarias de Alternativa podía supoñer a elección dunha nova persoa, xunto cos intereses parroquiais alentados por opositores, podía chegar a rebentar a unidade da formación veciñal. A pesar diso, esa longa e dura legislatura incentivou en centos de ciudadáns a necesidade de fortalecer máis que nunca a candidatura veciñal e demostrar que a Alternativa era moito máis que un grupo de amigos, que era un proxecto político independente, necesario para o desenvolvemento e para o benestar dos oleirenses. Aínda así, un grupo de persoas optou por separarse dos da margarita e presentar, por primeira vez en Oleiros, unha lista do Bloque Nacionalista Galego ás eleccións municipais de 1999. Outro sector de simpatizantes de Alternativa pasou a integrarse ou a apoiar o PSOE, quen aproveitara a súa participación no goberno para pescar en río revolto.



Na formación das candidaturas por parte do PP e do PSOE, volvían a repetir como alcaldables Fernández Rosende, que trouxo a Oleiros a toda a cúpula do PP, e Cerviño que regalaba pelotíñas contra o estrés. O BNG presentaba a Antón Tenreiro e a Alternativa dos Veciños elixira a Esther Pita que xa levaba dous anos de alcadesa, substituíndo a García Seoane.

Todos os grupos políticos, especialmente o PSOE que xa levara dous anos participando no goberno con Alternativa dos Veciños, centraron a súa campaña en desprestixiar a Esther Pita, quen desenvolvera un excelente labor, con entrega total ás políticas que emanaban do programa e do grupo da Alternativa, sendo unha persoa clave para o seu futuro. Pensaron que difamándoa encherían as urnas de votos para os seus respectivos partidos, pero o efecto foi o contrario e, unha vez máis, unha inmensa maioria de veciños, depositou a súa confianza en Alternativa dos Veciños o que fixo que fose a lista máis votada, mantendo os nove concelleiros, o PP queda con oito (perde un), o PSOE mantense en tres e entra na corporación o Bloque Nacionalista Galego cun concelleiro.

Alternativa dos Veciños: Esther Pita Pita, Manuel Fernández Siso, Alfredo Novoa Gil, María José Varela Neira, Emilio Zapata Muñiz, Fernando Pico Eiroa, Daniel Romero Cajigal, Elena Otero Viqueira, José Luis Pena Rama

Partido Popular: Jesús María Fernández Rosende, Cesar Oswaldo García Diaz, María Vieites Louro, Jaime Porta Ramos, Jesús Isidro García Sánchez, Benjamín López de Manterola Soriano, Mercedes Pardo Fernández, José Manuel Rumbo Mosquera

PSOE: Francisco Cerviño González, Luis Vázquez Rodríguez e Isauro Arias Braña

BNG: Antón Manuel Tenreiro Ferreiro

Comeza así unha nova lexislatura, de 1999 a 2003, que estaría cargada de agresividade dialéctica e persoal. A falta dun goberno maioritario e a negativa do PSOE a un pacto de goberno con Alternativa, facía prever unha lexislatura convulsa. De novo a candidatura veciñal enfrontábase ao reto de gobernar Oleiros en minoría e en solitario.

Os socialistas pretenderon, desde o primeiro Pleno da Corporación, bloquear a composición dos órganos de goberno e comisións informativas coa intención de maniatar o Goberno, crendo que ía ter o apoio do Partido Popular. Tamén intentaron eliminar as asignacións a concelleiros e persoal de confianza para meter presión a Alternativa a aceptar as súas condicións de intereses partidistas e persoais. Os tres concelleiros socialistas impedíronlle a Alternativa tomar algúns acordos plenarios cando a oposición PP-PSOE pactaba. Co que non contaban era con que a candidatura veciñal, que xa sabía das súas pretensións, acordara cos populares unha proposta que deixaba ao PSOE só.

O día 3 de xullo de 1999 constitúese o novo goberno e aproban por Alternativa dos Veciños e Partido Popular todos os asuntos levados a este primeiro pleno, dando así comezo a unha nova lexislatura que estaría chea de atrancos e incertezas nos que a oposición ía expoñer ao goberno municipal a todo tipo de chantaxes nos que nunca eran os veciños os beneficiados. O novo goberno, con Esther Pita á cabeza e Alfredo Novoa como portavoz, elixira novamente, como asesor, a García Seoane.

O Partido Popular tiña recapitulado e estaba disposto ao xogo político para evitar a chantaxe do PSOE ao Goberno, ou un novo pacto entre eles que os deixase á marxe das decisións. Convertíase así nun dos árbitros do xogo.

Esta situación permitiría gobernar a Alternativa dos Veciños, ás veces condicionada, xa que infinidad de asuntos se acordaban cuns, con outros ou en solitario aproveitando ausencias de concelleiros. Grazas a esta estratexia íanse cumplindo os compromisos electorais desta formación.

A frustración da oposición era notable e co paso do tempo facíase ver con pactos puntuais entre eles. Xeralmente o que propoñía o PSOE era assumido polo PP. Deste xeito aprobaron un regulamento de funcionamento, no que primaban os intereses da oposición, atando de pés e mans o goberno; o PSOE intentou dominar Radio Oleiros nomeando un director afín; impidieron tamén, temporalmente, a publicación do periódico municipal Vivir en Oleiros; paralizaron a actua-



■ Dotación de pasarela do castelo de Santa Cruz



lización de taxas co conseguinte prexuízo nos contratos de servizos, cargando a fondos propios os incrementos anuais das contratas pola subida do IPC.

Estes e outros moitos acordos pactados por PP-PSOE buscaban un desgaste do goberno e a paralización da vida municipal e, parcialmente, lográrono porque a tensión que se vivía provocou que varios funcionarios dos máis cualificados, responsables das áreas de Urbanismo, Informática, Control de Xestión e Facenda, solicitaran o traslado a outros concellos como Santiago ou A Coruña, así como á Xunta e á Deputación. Aínda así non puideron lograr que a máquina da administración parara e, utilizando as competencias que a lei lle outorga aos alcaldes, a base de decretos e grazas ás habilidades políticas, un tras outro íanse cumprindo os obxectivos do Goberno municipal: a piscina de Perillo, solo para o paseo de Mera, o novo instituto en Oleiros, a escola de música, a pasarela para o castelo de Santa Cruz... e moitísimos servizos e equipamentos que, unha vez máis, contribuíron a facer posible, infinidade de veciños e entidades oleirenses.

A impotencia que sentía o portavoz do PSOE cada vez que Alternativa dos Veciños lograba un dos seus obxectivos, facía que incrementease o seu acoso ao Goberno, especialmente á alcaldesa Esther Pita, chegando a proponer nun pleno a retirada do seu salario. Esta proposta foi aprobada pola maioría da oposición a pesar de que un concelleiro do PP se negase

**Viernes
27 de outubro de 2000**

Fernández Rosende, del PP, fue quien presentó la moción por la que se retiró el sueldo a la alcaldesa

Esther Pita, con lágrimas en los ojos, cerró el pleno de ayer tras advertir: «No soy una ladrona»

La oposición en Oleiros le retira el sueldo a la alcaldesa «por no ejercer el cargo»

A propuesta del Partido Popular, la oposición en Oleiros le retiró ayer en pleno a la alcaldesa la dedicación exclusiva. Vaya por delante que todos le reconocieron su calidad humana. Lo demás fueron críticas. Le dijeron que «no cumple ni debe»

se ha prestado al juego de García Seomeo, que pecha por omisión porque ya tiene quien pege por usted por acción». Y ella se defendió. Con lágrimas en los ojos, les contestó que «no soy ninguna ladrona». Como broche: «no acabarán con Alternativa»

ALBERTO MARÍA TORRÓN
La alcaldesa de Oleiros dejó de percibir un sueldo del Ayuntamiento de Oleiros. Pese a que si votaron los socialistas y la oposición, no era una moción de urgencia presentada por el PP de Pontevedra.

El resto de concejales del grupo socialista, el dedicado a la oposición, lo quisieron dejar bien claro a la alcaldesa la posición: «que se ejerce su cargo, sino que se lo cederá a un asesor, no saca ni gasta ni lleva a cabo».

Pero sigue el aprobado en los plenos: es una víctima de la prensa y de la oposición. Luis Vilaspe, el experto que «no ejerce el cargo porque ya no dirige ni el Ayuntamiento ni la administración; si el orden ni la dirección de las sesiones

oficiales. Yo diré, Esther Pita «no ejerce su cargo, sino que se lo cederá a un asesor, no saca ni gasta ni lleva a cabo».

Alfredo Novoa, portavoz de Alternativa, lo escuchó sin la menor vergüenza. De «grande política e hipócrita» tituló la moción. La oposición editó lo que se sienta en el mismo Castillo.

Por último, habló Esther Pita. Y lloró. Y les dijo a los presentes que «no soy ninguna ladrona», que ella «cumple con su trabajo».

Si lo que querían

**REDACCIÓN
A CORUÑA**

Unión Fenosa comenzó esta semana las obras para la construcción del parque eólico situado en el monte Castillo, entre los concejos de Coristanco y Torreón. La inversión prevista es de 2.600 millones de pesos y se han destinado 200 hectáreas. Las labores de construcción durarán cerca de nueve meses. Los vecinos afectados pertenecen a ambos municipios.

La Unidad Energías Especiales de Castelo S.A. participada al 90% por Unión Fenosa y la Unidad Energías Especiales (UFE) apoyó la iniciativa de construir el nuevo parque eólico que se sitúa en el mismo Castillo.

Los vecinos ya han comenzado esta semana y, según las previsiones de la empresa, podrán estar finalizadas en el plazo de forma.

De esta manera en unido a

ÁREA METROPOLITANA

El centro de la Tercera Edad de Carral imparte cursos de manualidades

Redacción • Carral
El centro municipal de la tercera edad del concejo de Carral organiza un programa de dinamización ocupacional dirigido a personas mayores. El programa incluye toda una serie de actividades que tienen como objetivo, no tanto, la realización de tareas de ocupación de tiempo libre de las personas mayores y, por otro, facilitar inserción laboral dentro de este colectivo de la población.

Se llevan a cabo actividades en las que se potencie la imaginación y la capacidad artística de los mayores. Además, se realizan talleres en los que se creen que las actividades ayudan al desarrollo psicosocial y a la motivación personal. El programa ofrece cursos de informática de mantenimiento, taller de cultivo de plantas, manualidades, bailes de salón, así como un taller de canes y pajareras.

La compañía Teatro do Morego pone en escena las obras "A branca mos" y "Os Piratas"

Redacción • Oleiros
Dentro del programa Outeiro Atíntico que se está a punto en materia de cultura municipal, mañana, la compañía Teatro do Morego monta en Oleiros a las 20 horas en "A branca mos" y "Os Piratas". La representación tendrá lugar en el teatro municipal de Santa Cruz, a partir de las 20.30 horas. Las personas que quieran acceder a la función tienen que pagar una entrada de 200 pesetas.

parte de hoy, Esther Pita sólo cobrará los dietas de las sesiones plenarias y de las comisiones

turnos de preguntas por parte de la oposición que expresó que "su falta de apoyo no era personal sino institucional". Sin embargo, este es el único punto conflictivo que se trató en el pleno, cuando se votó la moción de retirada de sueldo. Esther Pita no pudo comparecer a la sesión plenaria para sacar a concurso la gestión de la piscina municipal, los tres grupos de la oposición votaron la retirada del tema

hasta el próximo pleno argumentando que los precios que se establecían eran demasiado elevados y que no se podía dar la oportunidad a una empresa durante diez años.

Nóvoa reprimió los comentarios de la oposición y les pidió que se acogiesen al pleno "sin hacer los deberes hechos" y les acusó de intentar las iniciativas del goberno municipal para llevar adelante proyectos que beneficien a los vecinos de Oleiros. Alfredo Novoa denunció la falta de funcionamiento de las instalaciones de la piscina.

Luis Vázquez confesó abiertamente su falta de confianza en la alcaldesa y le pidió que, exigían un pliego detallado, "para que las cosas vayan por el libro que nosotros queremos escribir".

a tan mísera baixeza. Esta e outras actitudes inquisitoriais abriron de novo unha brecha no seo dos populares posto que, unha vez máis, o Partido Popular bailaba ao ritmo que tocaba o PSOE. Con iso compraciáse ao sector máis reaccionario pero non aos moderados que eran más partidarios do diálogo co goberno de Alternativa.

LA Voz de A Coruña

Hoy recomendamos
IN EL COLEJO
Carreras
El mejor maestro lo preparan
el otro año. "Siempre me ha
enseñado a ser una persona
que respete a los demás".
CIRCUITO DE ARTESANOS
Sergio, lúgaro
La feria coruñesa acercó dentro
de programa de convivencia. Hoy Mefistó
y el Pato. Hoy 20 horas.
BAR DE LOS RON
En Belén
La agrupación interpretará
sus más conocidas canciones.
Entrada gratuita. A las 22.00 horas.
Un hombre
resultó herido
muy grave en
una colisión en
As Raíñas
4

Los controles
de radar en
Cambre
provocaron 96
denuncias
12

EL GUÍO

La Diputación empleará 600 millones en hacer un museo

Si los informes de la junta del Ayuntamiento lo permiten, la Diputación de A Coruña tiene previsto construir un museo en los terrenos que la municipalidad cede al colegio Calvo Sotelo.

En la obra, para la que convocará un concurso de ideas, está incluido un museo de 450 metros cuadrados a los 600 millones —250 en el ejercicio del 2001 y el resto en el siguiente—.

Este proyecto fue objeto de debate ayer por parte del vicepresidente de la institución provincial, Antonio Ertas, en su participación en un programa de Radio Voz.

Gran superficie

Allí explicó que la zona donde se pretenden acometer las obras se extiende por casi 10.000 metros cuadrados, de los que 3.000 se querrían aprovechar para la agrupación musical. Una cifra que se irá incrementando en próximos ejercicios. 2 y 3

Además, donde se trasladaría la que actualmente tiene plaza en la Fregie. En ese espacio libre en esta zona se aprovecharán para habilitar una sala de exposiciones y conferencias.

En su intervención, Ertas también habló de la firma de un acuerdo entre la Diputación y el Ayuntamiento para que la DGA aportara 100 millones de pesetas a la agrupación musical. Una cifra que se irá incrementando en próximos ejercicios. 5

El 091 investiga si la policía local maltrató a un camerúnés

Agentes del 091 presentaron ayer una denuncia ante el Cuerpo Nacional de Policía contra el concejal popular, Bigobi Matamoros, de 22 años, por tratar de impedir la retirada de su vehículo por parte de la grúa y, posteriormente, bloquear el acceso del vehículo a la entrada de Aparcaxis. El joven aseguró que los policías locales le habían agredido y que todo el móvil de su actuación se basaba en el racismo. El Consello lo niega.

Durante el pleno se produjeron grandes momentos de tensión entre la alcaldesa y la oposición

El Partido Popular de Oleiros retiró ayer el sueldo a Esther Pita en el pleno

Alcaldesa sin salario

La moción de urgencia presentada por los «populares» de Oleiros terminó ayer con el resultado de retirar el sueldo de alcaldesa que hasta ahora percibía Esther Pita. La oposición sostuvo su posición diciendo de la mandataria «que no cumple con su deber y que sólo se elle ai espíndulo de los actos oficiales». También acusaron a la alcaldesa que dejó todo en manos de su asesor y «se limitó a firmar todo lo que él le pone delante, convirtiéndose en una víctima, no la culpable». Por su parte, Esther Pita, que no pudo replicar las ligámas, se defendió diciendo que no «oyó ninguna liebre y con esto no acaba con Alternativa». 11

A situación de crispación permanente acrecentou o malestar e como consecuencia dela diversos militantes abandonaron o Partido Popular.

Mientras tanto, os socialistas seguían no seu intento de socavar os cimentos da Alternativa para poder optar algún día a alcanzar o poder. Á retirada do soldo de Esther Pita seguironlle unha serie de querelas contra o goberno e contra o seu asesor. Cabe resaltar aquí unha delas, na que o portavoz do PSOE reclama unha indemnización de 25 millóns de pesetas a García Seoane, por supostas injurias e calumnias, emitidas no programa de Radio Voz “Voces da Coruña”, en cuxo debate mostrara unha caricatura de Luis Vázquez cualificándoo de “Maki Navaja”. Esta querela, igual que moitas outras, foi desestimada en primeira e segunda instancia por englobarse no marco dun debate político no que todas as partes manifestaron posturas e frases similares.

A brecha aberta no PP por ter aprobado a eliminación do salario da alcaldesa, xerou grandes debates no seo da súa executiva porque o concelleiro popular José Manuel Rumbo, que se opuxera e que non estaba disposto a apoiar o xogo sucio do portavoz do PSOE, mostrou o seu apoio ao Goberno para reponerlle o salario a Esther Pita. O seu voto foi imprescindible no pleno de reposición. Esta e outras moitas situacions de desencanto nas filas do PP, fixeron que o concelleiro José Manuel Rumbo Mosquera



presentase a súa dimisión, sendo substituído por Antonio García Fernández. Pola súa parte, Fernández Rosende, incluído como candidato nas listas ás eleccións autonómicas, acadaba o fin principal das súas ambicións políticas, pero levárono a perder o control do PP en Oleiros. Estes feitos permitiron ao Goberno acadar pactos puntuais para sacar adiante de novo os compromisos electorais.

Nesta etapa créase o Consorcio dos municipios das Mariñas para a recollida de lixo xestionado polo Concello de Oleiros, inícianse as obras do cemiterio de Dorneda, déclarase como Monumento Natural a Costa de Dexo e Serantes, créanse as escolas de

música e danza, o parque de Santa Ana en Mera, a polideportiva de Rialta...


El alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, figura en el censo como «empresario de actividades inmobiliarias».

El regidor cobró 53.524 euros por su dedicación exclusiva al Ayuntamiento. Seoane se inscribió como promotor después de ser elegido alcalde. El Concello recalificó una parcela propiedad del regidor municipal.

La Opinión A Coruña

Director: Francisco Ormeño

Ángel García Seoane figura en el censo como "empresario de actividades inmobiliarias"

El alcalde de Oleiros se dio de alta en Hacienda como promotor inmobiliario

ECONOMÍA

El 66% del patrimonio de los millonarios gallegos está en A Coruña

Página 41

oleiros

La Diputación aporta 60.000 euros para educación ambiental

Moreda anunció la ayuda en la apertura de la exposición "La Galicia más natural"

Redacción OLEIROS

El presidente de la Diputación de A Coruña, Salvador Moreda, anunció ayer la firma de un convenio de colaboración entre la Consellería de Universidade e Divulgación Científica y el Museo de Arte Contemporáneo de Galicia (MAC), sede en Santa Cruz de Castrelos, para financiar con 60.000 euros el desarrollo del programa de educación y sensibilización medioambiental.

Moreda recordó que este anuncio durante la inauguración de la exposición "La Galicia más natural" que se inauguró ayer en el MAC. La iniciativa abrió al público en el Castillo de Santa Cruz de Castrelos el pasado viernes 23 de junio.

Angel García Seoane ya fue acusado y condenado en una causa por prevaricación. Le cayeron 100.000 euros de multa por la imposición de contribuciones a particulares para ocupar un cargo público para una que no era competente el 18 de mayo de 2002. Al mismo tiempo, la fiscal jefe de Galicia denunció a García Seoane por prevaricación y le acusó de intentar ser candidato porque tenía «unas ganas locas» de regresar al cargo. La fiscal jefe de Galicia también consideró prevaricación el derribo de un muro en Santa Cristina que García Seoane había autorizado sin el permiso correspondiente, al entender que no tenía competencias para hacerlo (competencia de la Deputación Provincial). Y porque no se había expedido administrativamente por el Ayuntamiento la licencia de obra correspondiente de acuerdo con la legislación en vigor.

En su defensa, García Seoane argumentó en el que las diligencias que los hechos no eran ilícitos ni causaron daños ni perjudicaron la posibilidad de una infracción ya que el muro sobre el que se realizó el derribo

El interventor municipal ya advirtió de irregularidades

Las presuntas ilegalidades del expediente de contrataciones impuestas por el Ayuntamiento para las obras de las calles de Iñáis, Venerada y Celso Emilio Ferreiro fueron puestas de manifiesto por el propio interventor municipal en un informe remitido el 18 de mayo de 2002. En ese informe, el interventor municipal señala que la Ley Reguladora de Haciendas Locales establece la imposibilidad de que las administraciones locales cobren mediante contribuciones especiales hasta que se agradece la ordenación concreta de éstas, lo que exige la aprobación de la totalidad de cada una de las calles afectadas.

Esta misma norma y también la Ley General Tributaria establecen que las administraciones locales deben ser todos aquellos beneficiados específicamente por la realización de las obras.

Según el informe del interventor, la fiscalía penal de estás infacciones de la legalidad administrativa, la jurisprudencia del Tribunal Supremo indica que la frontera es difícil de determinar y que se considera que se ha cometido una infacción cuando se agradece la posibilidad de una infracción ya que el muro sobre el que se realizó el derribo

Los bomberos de Arteixo apagan un

O desexo de populares e socialistas de chegar ao poder municipal levounos a orquestrar unha campaña de acoso e derribo contra o alcalde Ángel García Seoane. Para iso contaron coa conivencia de ABC. Cabe lembrar que o seu director era de orixe xudeu e foi o medio que promoveu a campaña. Ás escandalosas portadas do periódico La Opinión, fóreronse sumando outros medios.



A figura do alcalde, a quen lle pretendían achacar todo tipo de delitos na súa xestión urbanística, foi portada durante máis de seis meses. Non cabe dúbida que isto xerou un importante prexuízo, a el, á súa familia e ao prestixio do Concello de Oleiros, motivo polo que acudiu á Fiscalía, para solicitar a súa intervención.

A reunión foi aprazada ata o nomeamento dun novo fiscal para supostos delitos urbanísticos. Ese día, en Santiago, o alcalde, ao que acompañaba o seu avogado, é recibido na porta por un funcionario que lle comunica que está imputado por un suposto de alarma social. O fiscal razoa a dita imputación ante as notas de prensa aparecidas nos diarios

ABC e La Opinión.

O fiscal, Antonio Roma, remitiu a súa resolución ao tribunal de instrucción correspondente achacándolle cinco supostos delitos. A esta actuación da Fiscalía sumouse, como acusación particular, o portavoz do Partido Popular en Oleiros Pablo Cobián. Todo isto creou unha situación de desprestixio que foi contestada desde o Goberno municipal e desde a propia Alternativa dos Veciños mediante unha publicación na que se recollían todas as propiedades da familia do alcalde García Seoane, detallando o ano de compra, escrituras, pagos a Facenda, vendedores, rexistro da propiedade, herdanzas, planos de situación etc.

10 | Galicia

El PP pide su dimisión por reunir «una fortuna inmobiliaria», y el PSOE lo tilda de «acusado»

El alcalde de Oleiros defiende en un pleno la legalidad de su patrimonio

D. Vázquez

Pancartas a favor y en contra, sibilos y aplausos. Tal fue el recibimiento que tuvo ayer la comparecencia del municipio coruñés de Oleiros en un pleno extraordinario al que asistieron unas 500 personas. Como único en el orden del día, el alcalde, Ángel García Seoane, explicó sus patrimonios, para contrarrestar una campaña que considera que «no moriva por otros intereses» referida a su relación con el Plan Xera de Urbanismo. Por contra, la oposición entiende que el primer edil confunde los ánimos de la población al gritar: «Dame una vida, 45 minutos». García Seoane, líder de Alternativa dos Veciños, defendió una por una sus 15 propiedades inmobiliarias, en las que estaban incluidos, entre otras, los apartamentos que adquirió este patrimonio es fruto de su trabajo y el de su mujer durante 30 años. Recalcó que algunas de esas viviendas han cambiado de uso, pero negó haber especulado con ellas. «Os cartos non os meto en luxos, senón en terraz, senténdoo para después responsabilizar a los que con ambición de poder, mediocres da política e sen ética» de intentar manchar su nombre.

Turmo de réplica única

El alcalde ofreció a la oposición un único turno de réplica de ochenta minutos. El representante del PP, Pablo Cobián, tuvo la palabra más larga. Pidió la dimisión de García Seoane y la de su equipo de gobierno. Recordó que estuvo al frente del concello durante 30 años. Recalcó que para la política seis años. Respecto al pleno que presidió el regidor, al que calificó de «acusado», dijo que quería conocer «cómo hizo verdaderamente la fortuna en suelo», que cuantificó

en 1.000 millones de pesetas (6 millones de euros). Exigió detalles sobre los métodos de compra, las reclasificaciones sobre el coste actual de las parcelas. «Obligó a la Justicia a la comparecencia si hubo delito», recordó Cobián, antes de comparecer Oleiros con Marbella.

García Seoane, escoltado por la policía y jaleado por su gente, a la salida del pleno celebrado ayer

Galicia. Asimismo, cuestionó que tengiesen conocimientos constructores. El BNG, socio del alcalde en el gobierno local, rechazó la judicialización de la vida privada del regidor. «La justicia no tiene que ver con la moralidad», sostuvo. Su portavoz, Antón Tenreiro, Su portavoz, Antón Tenreiro, recordó la preocupación de su grupo por las informaciones que aparecían en la prensa sobre el patrimonio de García Seoane. Reclamó romper el pacto, porque, como matizó, entre tres formaciones y no entre personas, pero admitió que lo importante no es tanto el tema del regidor, al que calificó de «acusado», sino la de García Seoane, que solicitó el lunes ante la Fiscalía del Tribunal Superior de Xustiza de

que ha crecido el edificio en torno a la formación del regidor. Ante esta situación reclamó más datos de los aportados.

SÁBADO 22 DE JULIO DEL 2006

PLAÑA ÁREA METROPOLITANA

PLENO DE OLEIROS AMBIENTE

La Fábrica registró ayer una numerosa afluencia de vecinos, en el pleno más esperado de los últimos años

REPORTAJE DE L.M.

Dos hinchadas en el "derby" de La Fábrica

Asistentes a la sesión plenaria de ayer

REPORTAJE DE L.M.

de sus seguidores, seguros de la inocencia del primer edil del municipio.

El resultado final? Como suele ocurrir en estos casos, para los aficionados "con Gelo, con Oleiros" de Alternativa dos Veciños que no hubo ni vence-

REPORTAJE DE L.M.

de jugá más minutos, seguirá jugando el tema en las próximas semanas.

Tampoco faltó el "merchandising", con decenas de pegatinas que anuncian "Gelo, con Oleiros".

Asistentes a la sesión plenaria de ayer

REPORTAJE DE L.M.

de sus seguidores, seguros de la inocencia del primer edil del municipio.

El resultado final? Como suele ocurrir en estos casos, para los aficionados "con Gelo, con Oleiros" de Alternativa dos Veciños que no hubo ni vence-

Todos os domicilios de Oleiros recibiron un exemplar da publicación. O alcalde convocou ademais un macropleno no Auditorio da Fábrica onde quedou en evidencia a mala intención dos opositores. Aínda así, eles vían cumplido parte do seu obxectivo xa que foron moitos os cidadáns nos que sementaron dúbidas, incluídos os votantes de Alternativa. O BNG, que formaba parte do goberno municipal, foi vítima dunha presión mediática constante para que abandona o goberno acusándoo o PP-PSOE de ser avais do goberno. O fin era deixar en minoría a Alternativa dos Veciños e impedir todos os acordos que se puidesen acadar ata chegar ás portas das novas eleccións. Coa situación creada todos daban xa por defenestrado ao grupo gobernable o que levou ao BNG a sumarse ao río revolto para intentar pescar en augas da Alternativa. Ante a actitude dos representantes políticos do Bloque, que non do seu único concelleiro, o alcalde decidiu expulsalos do goberno municipal afrontando así ata a convocatoria electoral a gobernabilidade do Concello en solitario.

O maremagnun creado coas calumnias e difamacións provocou que aflorasen outras candidaturas electorais. Apareceu unha de Esquerda Unida que xustificaba a súa presenza no “desvío de Alternativa da esquerda”. As súas pancartas eran tan ofensivas como as do Partido Popular. Un sector do PP presentábase con Terra Galega e uns dos lemas era “ todos ao dentista...”.

Por parte do PP repetía Pablo Cobián, polo PSOE estreábase Covadonga Díaz e continuaba polo BNG Antón Tenreiro. A campaña estivo sementada de llindezas: Pablo Cobián saudaba os veciños cunha postal de margaritas murchas e como garante da orde e da honestidade. O PSOE prometía pontes que unían A Coruña con Ferrol e o BNG insistía en transportarnos por mar a Porta Real.

Alternativa dos Veciños convocou unha vez máis unhas eleccións primarias nas que se daba opción a todos os veciños maiores de 18 anos a participar na elección dos seus candidatos, sendo máis de 3.595 os que decidiron a continuidade de García Seoane encabezando de novo a lista de Alternativa dos Veciños. Nestas eleccións xubilábanse dous históricos de Alternativa dos Veciños, Alfredo Novoa Gil e Manuel Fernández Siso.

Por parte de todos os partidos existiu unha renovación moi forte, tanto o PP como o PSOE levaban como candidatos a persoas que foran expulsadas da Alternativa dos Veciños, como é o caso de Andrés Delgado polo PP, que chegara a ser secretario da Executiva de Alternativa e de Fernando Pico, polo PSOE, que fora concelleiro de Deportes de Alternativa dos Veciños na anterior lexislatura.

En plena campaña electoral, o goberno municipal, que conseguira unha escolatal para restaurar os muros do castelo



de Santa Cruz e que durante un ano podía dar traballo a trinta desempregados, renunciou a ela, porque a inmensa maioría das persoas que a Xunta obrigaba a contratar eran coñecidos repartidores da propaganda electoral do Partido Popular que participaban activamente nas súas campañas municipais e autonómicas pero sin cualificación para desenvolver o traballo.

Un dos asuntos más recorridos no proceso electoral foi a paralización da tramitación do terceiro Plan xeral de urbanismo. Iso foi debido a que tanto o PP como o PSOE aspiraban, no caso de chegar ao goberno, a modificalo, porque non recollía as propostas de determinados sectores do mundo da especulación.

As eleccións municipais tiveron lugar o 27 de maio de 2007 e o resultado non foi o esperado polas distintas forzas políticas. En contra do que agardaban, a cruel e difamatoria campaña levada a cabo contra García Seoane, só restou mil votos en relación ás anteriores eleccións a Alternativa, o que supuxo a perda dun concelleiro. O PP subía pero mantíñase con sete concelleiros. O PSOE foi o gran beneficiado, pasando de tres a catro concelleiros e o Bloque quedaba co que tiña. O resto dos grupos, Esquerda Unida e Terra Galega, acadaban unha porcentaxe baixísima, case testemuñal. Nos días previos á toma de posesión, leváronse a cabo diversas reunións entre

os distintos grupos políticos: o PP pretendía unha coalición co PSOE, ambos grupos terían así a maioría absoluta. Pola súa parte, Alternativa dos Veciños propúxolle ao PSOE formar parte do goberno. Os socialistas condicionaron esta decisión a que o número un de Alternativa, fose para casa. O BNG, que fora chave no anterior goberno, neste non influía ao seguir cun só concelleiro.

Ao pleno de constitución chegouse sen acadar ningún acordo, retirando Covadonga Díaz a súa candidatura polo PSOE para entrar no goberno o que orixinou que se designase alcalde a García Seoane, por Alternativa do Veciños, como grupo máis votado. No seu discurso de investidura, reiterou a invitación aos socialistas de formar parte do goberno e, aínda que non o precisaba, tendeu a man ao BNG para o diálogo e o estudo de propostas comúns.

A nova corporación constituíuse o 16 de xuño de 2007:

Alternativa dos Veciños: Ángel García Seoane, M^a José Varela Neira, Esther Garrido Pan, Ignacio Taboada Marzoa, María Teresa Vázquez Maseda, Daniel Romero Cajigal, Elena Otero Viqueira, Berta M^a Martínez López, María de los Ángeles de la Fuente López

PP: Pablo Cobián Fernández de la Puente, María Vieites Louro, Sonia Suárez-Noguerol Calvet, Andrés González López, Paula Fontenla García, Roberto Varela Veiga, Begoña Pazos Villaverde

PSOE: Covadonga Díaz Varela, Fernando Pico Eiroa, Josefina Mosquera Roel, Antonio Pampín Suárez

BNG: Antón Tenreiro Ferreiro

Comeza así outra lexislatura cun goberno en minoría, o que auguraba un panorama difícil para o goberno que estaba abocado a nadar entre augas revoltas para acadar os seus compromisos coa ciudadanía. A proximidade dunhas eleccións estatais restaba agresividade aos partidos representados na corporación pola intención de captar votos entre os simpatizantes de Alternativa. Este clima de calma foi aproveitado pola Alternativa para consensuar puntualmente con uns e outros os asuntos importantes, e tamén por maioría simple aproveitando a falta de acordo e entendemento entre os grupos da oposición.

Un dos principais retos era consolidar a continuidade do desenvolvemento urbanístico sostible, garantía da protección medioambiental e a calidad de vida do municipio, e para iso era imprescindible a aprobación do terceiro plan urbanístico que, por motivos e intereses persoais e electorais, desde a Consellería de Ordenación do Territorio boicoteárase antes

do proceso electoral. Cabe lembrar aquí que como secretario xeral da citada Consellería no goberno bipartito da Xunta estaba designado o ex-candidato á alcaldía de Oleiros polo PSOE, Luis Vázquez. Despois de diversas reunións e asembleas veciñais, o Goberno local chegou a un acordo coa portavoz dos socialistas, Covadonga Díaz, aprobándose inicialmente un novo Plan de ordenación a finais do 2007, remitindo o expediente á Xunta para a súa aprobación definitiva. O prazo de tres meses que tiña a Administración autonómica para aprobalo dilatouse dous anos con todo tipo de trabas e imposicións. Diante deste novo atropelo o Goberno local enviou a todas as familias de Oleiros unha copia do Plan xeral en CD para evitar calquera manipulación de información desde a oposición municipal ou desde a Xunta.

Diversas obras de equipamentos e infraestruturas, iniciadas na anterior lexislatura, puxéreronse ao servizo da ciudadanía: segunda fase do paseo da Ría entre a ponte da Pasaxe e a Fábrica, o parque Fonte da Barreira lindeiro coa avenida da II República, o paseo As Galeras - Portocobo.



■ Inauguración do parque As Galeras




Adxudícanse os nichos do cemiterio municipal de Dorneda, logo de moitos preitos e outras actuacións que áinda pretenden bloquear a iniciativa municipal como a levada a cabo pola Xunta e o ex-concelleiro do PSOE que tiraría parte dos muros do camposanto. Iníciase tamén a construcción do centro de saúde de Oleiros, contrátese polo Estado a ampliación da N-VI desde O Seixal a Mesón da Auga, inaugurase a glorieta de Abeleiras, por parte da Xunta contrátanse parte das obras da Vía Ártabra, acoméntense as obras de urbanización de Meixonfrío, cóbrese a pista polideportiva da II República en Perillo, reábrese o centro de Arenaza, en precario, mentres non se leven a cabo as obras dun novo centro de día para a atención de servizos sociais. Obtense, por parte de portos do Estado, a estrada de acceso aos faros de Mera, habilitanse parte das antigas escolas do Río da Loba en Oleiros para albergar temporalmente as dependencias da Garda Civil e poder emprender así a construcción do novo cuartel. Acórdase a cesión das escolas infantís municipais á Xunta, debendo esta asumir a todo o persoal ao seu cargo cooperando o Concello, para a prestación do servizo, con parte do mantemento.

O concelleiro do BNG, Antón Tenreiro, presenta a súa dimisión para ocupar un posto de confianza no goberno bipartito da Xunta de Galicia, sendo substituído pola segunda da lista, Josefina Quintáns Antelo.

O Pleno do Concello rende homenaxe aos ex-concelleiros de Alternativa dos Veciños Alfredo Novoa e Fernández Siso, outorgándolles a insignia de ouro polo seu traballo honrado en beneficio da comunidade e o desenvolvemento do municipio.

O pleno aproba por unanimidade a ordenación das rotondas nas que se proxectan distintas alegorías para o seu embelezamento. Nunha delas prevese levar a cabo un monumento á cooperación internacional reflectido na persoa de Ernesto Guevara (o Che), utilizando o retrato do fotógrafo cubano Alberto Korda. Os portavoces do PP e do PSOE, que votaran afirmativo sen ter analizado a proposta que o goberno levaba ao pleno, puxeron o grito no ceo ao ver a escultura, chegando o portavoz do PP a presentar un preito por posible malversación, preito que perdeu por estar amparado en dereito todo o proceso para a ordenación das rotondas e o propio monumento.



■ Rotonda Che Guevara

Este proxecto fora redactado, gratuitamente, por un recoñecido e prestixioso escultor e artista cubano, Juan Quintanilla, a través da cooperación da Escola de Arte Nacional Cubana co Concello de Oleiros. A polémica xerada, especialmente polo portavoz do PP, fixo que este asunto traspasase as fronteiras do Estado chegando a ser tratado por diversos medios de comunicación europeos, asiáticos, americanos e neoce-landeses. A radicalidade e a actitude extremista do portavoz popular provocou que en dúas ocasións incontrolados encapuchados, moi próximos a esta formación, atentasen contra o monumento, enzoufándoo coas cores da bandeira española.

A inauguración deste monumento á cooperación internacional tivo lugar en xuño de 2008, e a el asistiron diversos representantes do mundo da cultura, da política, do movemento asociativo, ONG e veciños de Oleiros e da comarca. O acto contou coa presenza de Camilo Guevara, un dos fillos do Che, quen o día previo á inauguración protagonizou un acto público na Fábrica ao que asistiron máis de 300 persoas.

Ao amparo dunha nova lei autorízase aos concellos a celebración de acollementos civís que popularmente se coñecen como “bautismos civís”. En Oleiros celebrouse o primeiro acollemento civil do Estado español e foi oficiado pola primeira tenente de alcalde, María José Varela.



■ Acto de inauguración do Monumento á Cooperación Internacional



■ Camilo Guevara na Fábrica



O orzamento municipal, ao gobernar en minoría Alternativa dos Veciños, estaba prorrogado impedindo con iso unha xestión áxil e levando á paralización de diversos investimentos. O alcalde intentou pactar o documento orzamentario co PP e co PSOE pero as condicións leoninas que impoñían estes grupos facía imposible o entendemento. Ante esta situación o alcalde convocou un pleno facendo crer que existía un acordo, o que provocou a desconfianza entre o PP e o PSOE votando ambos a favor para non quedar “descolgados” dos orzamentos. Nesta votación o BNG abstívose porque estaba “cabreado” polas propostas que o Goberno, en reunións anteriores, asumira e foi aprobado polos tres grupos AV - PSOE - PP. Coa aprobación dos orzamentos o goberno emprendeu novas iniciativas que permitirían desatascar o desenvolvemento da vida local: créase a biblioteca de Dorneda na urbanización de Arillo - Rialta, reformando a antiga escola de preescolar, foméntanse novas cooperativas para a construcción de 35 novas vivendas de protección oficial en Oleiros e Santa Cruz. Iníciase a expropiación do solo para a futura ordenación do entorno de Naval e o porto de Santa Cruz. Instálanse varias empresas no parque comercial de Iñas: Carrefour, Jardiland, Parque Oleiros con dez empresas, entre outras AKI, Super-cor, Lidl etc. No mesmo polígono créase o punto limpo do concello.

Despois de catro anos desde a denuncia presentada por persoas de dubidosa acti-

vidade e o PP autonómico contra a casa do alcalde, a maxistrada da sala nº4 do Contencioso, nunha extensa e razoada sentenza, propón o seu arquivo. Fundamenta a súa resolución en que entende que García Seoane en ningún momento é infractor. Ante a nimiedade de invasión da franxa de protección de Costas cun dos seus piares, 0,80 m no ámbito dos 100 m da liña, considera que o dano que tirar ese piar orixinalmente á construcción e á estrutura da casa sería notable, recoñecendo que a situación foi provocada por un claro erro cartográfico. A sentenza foi recorrida pola consellería da que era secretario xeral Luis Vázquez. O alcalde, pola súa parte, tamén a recorre para solicitar o reintegro das sancións que a Xunta lle cobrara. O recurso quedaba pendente da resolución da Audiencia.

A finais de 2008, como medida para afrontar parte da crise que se lle estaba vindo encima aos españois, o goberno de Madrid aprobou un Plan de obras e servizos por un total de 8.000 millóns de euros a distribuír entre a totalidade dos municipios do Estado. A Oleiros correspondeñelle 5.609.460 euros. Para levar a cabo o investimento marcábase un prazo moi xusto, un ano, no que había que facer a redacción de proxectos, a contratación, a execución e recepción. A disposición de proxectos que tiña o Goberno local, elaborados para o cumprimento dos obxectivos, fixo que non se perdera un só euro. Este Plan do Fondo Estatal de Investimento Local, tiña dous obxectivos fundamentais: a creación

e o mantemento de emprego coas obras que se levaran a cabo e a creación de novos postos de traballo na prestación de futuros servizos. No caso do Concello de Oleiros o obxectivo foi cumprido con creces. Lamentablemente en máis do 50% dos municipios españois foi un tremendo fracaso provocado, principalmente, pola improvisación levada a cabo e pola carencia de proxectos. Os fondos recibidos dilapidábanse en edificios sen contido, obras faraónicas, reasfaltados incomprensibles, camiños polos montes e un longo etcétera.

En Oleiros as obras escolllidas melloraron contornos urbanos, dotaron de accesos e aparcamentos as piscinas de Oleiros e Perillo. Construíuse tamén a pista de skate de Bastiagueiro e ordeñouse o aparcamento da praia, dotáronse 32 parques infantís, rehabilitouse a finca e a casa da praia de Bastiagueiro para uso gratuito dos veciños, recuperouse tamén o casco histórico e o contorno da igrexa de Perillo, mello-



■ Complexo deportivo en Dorneda

raronse o contorno da casa do pobo de Dorneda e a iluminación do casco vello de Xoez en Mera, dimencionouse a rede de abasteceamento de auga potable, creouse o parque natural de Liáns con cinco hectáreas dotadas de mobiliario urbano, áreas de recreo e deportivas, construíuse a polideportiva cuberta de Meixón Frio en Santa Cruz, substitúese a cuberta e o solo do polideportivo de Canide, construíse a cuarta piscina e complexo deportivo en Rialta, Dorneda.

Todas as obras levadas a cabo están a prestar servizo a miles de veciños que as utilizan a diario e que grazas ao citado e coñecido como Plan Zapatero, puidérонse tratar con moita antelación aos prazos previstos polo Goberno local. Nunca na historia do municipalismo os concellos contaran cun apoio tan importante pero, áinda así, o Plan viuse desprestixiado por moitos dos malversadores e incompetentes políticos e técnicos que “okupan” os concellos e tamén polo Partido Popular do Estado.



Por parte do Goberno español lévase a cabo un segundo Plan no que o Concello de Oleiros recibe tres millóns cincocentos mil euros que permiten ao Goberno municipal levar a cabo a construcción de dezaoito naves industriais, destinadas a promover e apoiar os novos emprendedores, situadas no polígono comercial de Iñás.



■ Interior dunha das naves destinada a oficinas no viveiro de empresas

Constrúese tamén a Escola Municipal de Danza para liberar as aulas da Fábrica destinadas a esta ensinanza, acadando con iso un aumento considerable de alumnado en ambas escolas municipais. Creáronse tamén novos parques infantís.



■ Escola Municipal de Danza

Con cargo a outros plans e grazas ás xestións levadas a cabo ante as distintas administracións provinciais, autonómicas e estatais, así como coa achega de fondos municipais, recuperouse o contorno do castelo de Santa Cruz, renovouse o pavillón polideportivo da

Rabadeira con cambio de cuberta e o solo da pista, urbanízase a praza da Cultura en Perillo, refórmase a Casa Labarta en Mera para crear unha nova escola infantil, faise o parque infantil no Valiño, lívanse a cabo as obras de ampliación de calzada e dotation de beirarrúas nas rúas Pilar Estevez, Manuel Murguía e A Seara, todas elas na parroquia de Nós. Para realizar estas obras foi imprescindible a colaboración dos veciños que, gratuitamente, igual que noutras localidades, cederon o terreo preciso. O Partido Popular intentou boicotear algunas destas cesións con propietarios simpatizantes desta formación propoñéndolles que esixisen o pago do solo, pero non lograron o obxectivo xa que nos veciños prevaleceu o interese xeral das obras que eran, entre outras cousas, garantía de seguridade peonil para os seus lugares de residencia. Para o éxito dos acordos contribuíu de xeito moi especial a asociación de veciños Os Rueiros de Nós. Tamén na localidade de Santa Cruz, debido á necesidade de regular o tráfico, reurbanízase a zona das Viñas de Babilonia, establecendo direccións únicas, mellóranse as beirarrúas ordenando o aparcamento e soterrando os contedores de lixo. Entre Montrove e O Seixal, e todo ao longo da rúa Salvador de Madariaga, amplíanse os accesos dotándoos de beirarrúas. Destacar que tamén neste caso a cooperación vecinal foi exemplar, sobre todo se temos en conta que para levar a cabo as obras foi necesario tirar varios peches e entregar importantes cantidades

de solo. Anteriormente a estas obras a vía coñecíase como “corredoiras de Vieiro”.

Ponse en servizo o complexo deportivo con piscina en Dorneda, construído recentemente, reunificándose o funcionamento das catro piscinas municipais. A prestación contratouse cunha nova empresa na que se condicionaba o soldo do persoal segundo o seu convenio, evitando así as malas prácticas da anterior. Créase o punto de información turístico en Santa Cristina.

A crise provocada polo neoliberalismo das multinacionais e a banca, provoca unha paralización do investimento, público e privado, afectando aos recursos das administracións públicas e alterando as programacións dos concellos. No caso de Oleiros, pola singularidade no xeito de gobernar e da súa xestión, este efecto é menor pero ainda así a situación leva consigo unha restrición naqueles gastos que poden esperar a tempos mellores, apuntalando as políticas sociais, culturais, educativas, deportivas e de mantemento dos servizos imprescindibles para conservar a calidade de vida acadada nestes anos. E digno de recoñecemento o grande esforzo que fan as decenas de entidades veciñais, sociais, deportivas, culturais e ANPA para seguir a manter as moitas actividades que desenvolven nas instalacións municipais, sobre todo en tempos nos que, tanto por parte da Xunta, como da Deputación, diminúenselles as subvencións. Este esforzo



■ Banda orquestra da Escola Municipal de Música

das entidades, xunto co do Concello, fixo posible que sigan adiante programas e eventos de vital importancia para a vida municipal.

No ano 2009 a Banda da Escola Municipal de Música acada o primeiro premio no Certame de Bandas de Música de Galicia baixo a dirección de Alberto Piñeiro Leiva. A concesión dese premio foi un orgullo para o conxunto dos oleirenses.

José Manuel Bao, veciño de Oleiros, nado en Montrove, foi proclamado campión de España nos 100 e 200 m como velocista en categoría veteranos.

A ANPA Bidueiro dota de comedor o CEIP Parga Pondal de Santa Cruz coa colaboración do Concello, que instala a cociña. Tamén a ANPA do CEIP Valle Inclán creará este servizo en módulos prefabricados. Lamentablemente desaparece o ANPA do CEIP A Rabadeira por problemas co monitorado para as actividades extraescolares, chegando incluso as súas diferenzas aos tribunais. O Concello evitou que se eliminaran parte delas colaborando directamente co claustro de profesores e algúns pais.

Amplíanse as bibliotecas de Lorbé e Nós situadas no interior das casas do pobo. En 2011 inaugúrase a Escola de Danza, o Parque dos Veciños e, por iniciativa social,

asígnase o nome de Ana Kiro á praza e ao parque, de más de seis mil metros cadrados, situados no centro de Mera. Ana Kiro non nacera en Oleiros pero levaba a Oleiros na alma, residía na parroquia de Serantes e foi unha das mellores cantantes galegas. Nese ano tamén falece o empresario Roberto Tojeiro que residía en Bastiagueiro, gran emprendedor e fundador de diversas empresas como Gadisa.

A Fiscalía exonera o alcalde García Seoane dos delitos que lle atribuía na difamatoria campaña emprendida polo PSOE e polo PP local apoiada por ABC, La Opinión e outro medios “informativos”. Ao mesmo tempo a propia fiscalía require á xuiza para que arquive a causa.

As eleccións estatais dan unha vitoria sonada ao PP. En Oleiros o PSOE baixa do 43% das anteriores ao 29%. O PP só acada seiscentos votos máis, repartíndose os perdidos polos socialistas entre os partidos minoritarios.

Debido á crise económica o Goberno municipal decide suspender as viaxes que se sorteaban entre os participantes das activades de ocio e xoveoleiros e nas que participaban cerca de dous mil veciños.

Co motivo da venda dos terreos da Casa de Xaz, incluídos na urbanización do futuro campo de golf, o alcalde esixira a propietarios e promotores as indemnizacións corres-

pondentes aos caseiros das terras da Casa de Xaz. Era esta unha condición inescusábel antes de comezar o proceso de promoción. O requerimento xa se efectuara anos atrás sen que ata a data fose solucionado o problema das catro familias afectadas. A uns entregóuselles a mesma vivenda na que residían e as terras circundantes e a outros fórñelles adxudicados pisos e indemnizacións.


A principios de 2011 a Xunta de Galicia reduciu drasticamente os recursos económicos destinados a cursos de formación de xente nova e desempregados oleiros, o que levou á paralización da función do centro laboral municipal. Ademais disto politicaron de tal xeito os fondos europeos para tal fin que non tiveron en conta os criterios de reparto: número de parados por concello, colectivos prioritarios... Os fondos foron dilapidados partidistamente entre concellos e “empresarios” afins ao PP que chegaron a manipular as listas dos desempregados, a xustificar asistencias de ausentes, salarios desorbitados para supostos docentes e un longo etc. Esta situación provocou que o Goberno municipal denunciara estes graves feitos nos tribunais e ante a comunidade europea demandando un reparto equitativo e xusto á Consellería de Benestar Social e Traballo, a que, ante a actitude reivindicativa do Goberno, reconduciu a situación facilitándolle os recursos para combater parte do paro laboral en Oleiros.



Un forte temporal con mareas vivas afecta as costas oleirenses causando importantes danos nos paseos marítimos de Mera, Santa Cruz, Santa Cristina e Bastiagueiro. Neste último o mar desfixo case a totalidade do paseo de madeira. No verán dese ano, Galicia estaba a sufrir unha forte seca que leva a tomar medidas respecto ao consumo da auga potable. Esta seca favoreceu que un vándalo provocase varios incendios na zona do Monumento Natural de Serantes e Dexo, así como nos montes de Maianca e Dorneda lindeiros co Concello de Sada. Estes incendios, a pesar de ser sufocados con prontitude polo Servizo de Emerxencia e Protección Civil, asolaron varias hectáreas.

O Concello presenta preito a AENA e a Aviación Civil para a eliminación da servidume hipotecaba a construcción e o desenvolvemento urbanístico e non tiña e non prevía ningunha indemnización aos propietarios.

servidume hipotecaba a construcción e o desenvolvemento urbanístico e non tiña e non prevía ningunha indemnización aos propietarios.



■ Cartel anunciador dunha das asembleas informativas sobre a pegada sonora

O consumo enerxético das instalacións municipais xunto coa iluminación pública acadan anualmente a cantidade de dous millóns de euros. Este elevado gasto levou o goberno municipal a realizar unha auditoría na que se reflectía a situación real das instalacións, xa que algunas delas estaban

obsoletas. Revisáronse tamén máis de douscentos contratos con Unión Eléctrica Fenosa con excesos de tarifa, lecturas distorsionadas ou aleatorias, sen aplicación de tarifa nocturna, duplicación de facturas, puntos de luz a tanto alzado fóra de control etc. Esta auditoría permitiu ao Goberno municipal unha forte diminución do gasto eléctrico acadando máis dun 30% de aforro, reorientando as políticas no investimento enerxético.

Dúas novas rúas levan o nome de persoas que contribuíron á transición política, desde a ditadura franquista, no Estado español. Un político, ex-presidente do goberno, Adolfo Suárez, e un militar, ministro de defensa, o xeneral Gutiérrez Mellado. Ambos os dous foron imprescindibles para o apuntalamento da democracia e a paz. As rúas están situadas no centro da localidade de Santa Cruz, na urbanización de Meixonfrío. Tamén na urbanización Rialta, en Dorneda, en decembro de

2010, Marcelino Camacho, sindicalista, ex-secretario de CCOO deu nome a un dos fermosos parques da citada urbanización. Camacho foi un gran loitador na defensa dos dereitos da clase traballadora e no asentamento da democracia. O acto de inauguración, ao que asistiron dirixentes sindicalistas galegos, contou coa presenza da súa inseparable esposa, Josefina Samper, e a súa filla, Yenia Camacho.



■ Inauguración do parque Marcelino Camacho



■ Carmen Sarmiento e o alcalde na inauguración de Revela

O activista paraguaio Martín Almada, Premio Nobel alternativo pola súa defensa dos dereitos humanos, contratado pola UNESCO como experto en educación, visitou o noso concello como recoñecemento ao traballo que se fai en Oleiros a favor dos pobos oprimidos. Tamén desde Guatemala veu dar unha conferencia a líder indíxena Rosalina Tuyuc, incansable loitadora contra a ditadura guatemalteca, responsable de miles de torturados e desaparecidos. Na actualidade, despois dunhas eleccións pseudodemocráticas, seguen coas mesmas prácticas.

Tamén en 2010, con motivo dos actos do evento “Revela”, creado para denunciar as atrocidades que provocan as guerras e que nesta edición levaba por lema “Morrer de Infancia”, visitou Oleiros Carmen Sarmiento, a primeira muller española reporteira de guerra. No acto celebrado na Fábrica, Carmen falou das nenas prostituídas en Filipinas, dos nenos africanos aos que se lles transmitiu a SIDA e da explotación infantil en Perú.



O alcalde, Ángel García Seoane, é invitado pola Fronte Polisaria a participar en Alxeria nun congreso internacional para reivindicar o dereito do pobo saharauí a ser recoñecido como nación e a que se lle devolvan os territorios ocupados por Marrocos tras o abandono de España. Oleiros sempre colaborou coa causa saharauí e foi un dos concellos que fomentou a campaña “Vacacións en Paz”, que traería nenos saharauís a diversas localidades españolas para afastalos da guerra e do illamento a que están sometidos polo goberno marroquí nos campamentos de refuxiados de, entre outros, da provincia a Tinduf. Foron moitas as familias oleirenses que acolleron a estes nenos aos que tamén durante a súa estancia se lle facían revisións médicas levadas a cabo por médicos cooperantes. Fundamentalmente eran tratados de infeccións na vista e nos oídos, moi frecuentes no deserto do Sáhara.

O escritor Xabier Seoane presentou unha antoloxía dedicada a Oleiros titulado “Raíz e soño”, no que se recollen diversos poemas escritos entre os anos 1976 e 2008. Xavier é un veciño namorado de Oleiros, onde se sente feliz.

A Audiencia provincial anula a condena da que fora obxecto o alcalde, por unha das varias denuncias que presentara unha persoa de dubidosa reputación ao que o Concello demolera unha construción en Mesón da Auga. O fallo da dita sentenza

condenara a Seoane ao pago dun millón de pesetas por “danar o honor do proxeneta” ao cualificalo como tal. A denuncia efectuárse contra o alcalde e diversos medios de comunicación que informaran sobre a demolición pero o maxistrado, Fraga Mandián, estimara que o fallo só recaera sobre o mandatario. A Audiencia provincial recolle que, tras as probas, non procede a indemnización, debendo devolverlle o millón de pesetas que depositara.

A resolución do recurso que fora presentado ante a Audiencia, en contra da sentenza favorable a García Seoane sobre a súa causa, pese a recoñecer que, como na anterior, non cometiera ningunha infracción e debíanselle devolver os cartos das multas impostas pola Xunta, obrígalle a derribar os 80 cm que o piar invadía. Esta resolución en contra da anterior de 17 folios, solventábase nun só. García Seoane optou por non seguir recorrendo as altas instancias xudiciais procedendo ao derribo, e así dar por resolta tan infame persecución política e persoal da que era obxecto. Ao mesmo tempo, ao amparo das anteditas sentenzas, reclamou a indemnización polas obras de derribo e construcción que acadaran máis de 59.000 euros. A indemnización foi informada favorablemente polo Consello Consultivo da Xunta de Galicia e recorrida pola Dirección Xeral de Costas e a Consellería.

A comunidade escolar do CEIP Luis Seoane situado en Canide quixo render unha homenaxe especial ao que fora o seu director durante moitos anos, Ricardo Rico, así como a mestra Rosa López. Ambos escribiron unha gran parte da historia do centro no que se formaron distintas xeracións de oleirenses. Ao acto asistiu todo o movemento educativo, social e cultural das parroquias de Maianca, Serantes e Dexo ademais das ANPA e profesores do conxunto das escolas públicas do concello así como representantes do goberno municipal e dos traballadores. Ricardo e Rosa eran persoas moi queridas e respectadas por pais e alumnos.

O forte crecemento da poboación oleirense facía necesaria a construcción dun novo centro educativo de ensinanza primaria. Despois de varias xestións ante a Consellería de Educación o alcalde levou ao pleno a compra duns terreos situados na parroquia de Nós pertencentes á Fundación Tenreiro. O goberno municipal puxo a disposición da Xunta de Galicia o solo adquirido co que obrigaba á Consellería a orzamentar unha partida para o financiamento da construcción do novo centro escolar. Rematábase así unha campaña emprendida polas ANPA e as asociacións de veciños, especialmente Os Rueiros de Nós que, en diversas ocasións, reivindicaron a creación dun novo centro educativo. Deste xeito o proceso estaba iniciado e xa non había retorno.



■ Futuro parque público coñecido como Finca Tenreiro



■ Construcción do novo colexio en Nós



Outra batalla gañada foi a provocada pola imposición da Consellería de Sanidade relacionada cos centros de saúde de Perillo e Santa Cruz para os que o Concello achegara a Xunta de Galicia os terreos e os servizos necesarios para a súa construcción e funcionamento. Debido a esta imposición ilegal (porque por lei os concellos non teñen competencia en materia de sanidade pública) o Concello estaba a facerse cargo tamén do seu mantemento e conservación, limpeza, electricidade..., supoñendo para as arcas municipais un desembolso anual de máis de 130.000 euros. A batalla entaboadha desde o Goberno municipal para liberarse dunha carga económica que non lle correspondía levou o alcalde García Seoane a suspender os servizos, o que suscitou un forte enfrentamento coa Consellería que se negaba a asumir as súas competencias.

A firmeza e temperanza da actitude municipal así como as razóns legais que o am-



■ Campaña da A.VV. San Cosme reivindicando a Casa do Mar

paraban fixo claudicar á Consellería de Sanidade e asumir todos os gastos que o Concello soportaba.

O abandono da casa do mar de Mera polos organismos responsables, tanto da Xunta de Galicia como do INSS, chegou a provocar un estado semi-ruinoso do edificio: grandes gretas nos piares e zapatas, escachaduras na fachada, escaleiras rotas e separadas do edificio. De igual xeito o interior na planta alta convertérase nun almacén de chatarra e de móbiles en desuso doutros edificios da Xunta.

Esta grave situación levou o goberno municipal a demandar a súa reparación urgente. Debido á proximidade dunhas novas eleccións municipais a Xunta, gobernada polo Partido Popular, quixo aproveitar o momento, e a proposta dos seus representantes municipais, acordou acondicionalo para centro de día a sabendas de que nunca ía funcionar como tal xa que había un no pazo de Arenaza e outro en construción nas Galeras (Santa Cruz). En cambio estaba a privar as entidades de Maianca e Serantes do uso desas instalacións: a Asociación de

Veciños San Cosme de Maianca e a Asociación de Pensionistas de Mera, na que as ditas sociedades desenvolvían as actividades. Con motivo das obras, o Concello conveniou e acondicionou un local na praza de Ana Kiro para que non cesasen as actividades veciñais. As obras durarían catro anos.

Despois das argucias e peripecias que o goberno municipal tivera que levar adiante para a aprobación dos anteriores orzamentos por non contar coa maioría necesaria na corporación, novamente as contas municipais víronse bloqueadas ao impedirse por parte da oposición PP-PSOE-BNG, a súa aprobación, igual que o Plan provincial de obras do que ao concello lle correspondían máis de 500.000 euros.

A situación era moi grave xa que a Deputación fixara un prazo para a presentación de solicitudes que se se incumpría o Concello

perdería os 500.000 euros. Co ánimo de impedir a perda de tan importante cantidade, o alcalde iniciou unha serie de reunións co PP e co PSOE chegando a un acordo cos populares incluíndo unha proposta destes relacionada con Santa Cristina a cambio de que os 130.000 euros que supoñían os cambios de obra foran incluídos nun Plan de saneamento da Xunta de Galicia. É dicir, o Goberno municipal lograba a aprobación do seu Plan de obras de 500.000 euros e 130.000 euros máis. Unha vez más víanse cumpridos os obxectivos a pesar de estar gobernando en minoría.

A desidia dos responsables da Xunta de Galicia e Xestur, empresa pública que xestioná a vivenda protexida, en relación coas vivendas construídas na urbanización Mesón da Auga e que sufriron moitas anomalías na súa construcción, levou a unha guerra aos seus adxudicatarios na reclamación da reparación



■ Urbanización Mesón da Auga en Nós



das súas vivendas nesta promoción pública. Dez anos despois do comezo desta urbanización, aínda estaba sen adjudicar un bloque con 18 vivendas de especial protección, que a Xunta do bipartito pretendía entregar a persoas non empadroadas, saltándose o acordo e o convenio subscrito con Oleiros. Estas vivendas pertencían ao concello en concepto do 10% que rexía na Lei do solo. A Xunta tampouco conseguiu o seu obxectivo e asignáronse, en venda e aluguer, a familias con poucos recursos. O prezo de venda en ningún caso superou os 50.000 euros.

A denuncia presentada contra o Concello e o alcalde por propietarios da urbanización que se ía executar na rúa Xesteira en Perillo, coñecida como Finca Carnicero, e na que parte dos propietarios xa cederan o solo necesario para a continuidade do paseo da Ría, fallouse a favor dos denunciados. Nela acusábase á irmá de García Seoane, avogada dos propietarios maioritarios da Xunta de Compensación, de, entre outras cousas, convivencia. Este preito viña precedido doutros anteriores que tamén se fallaran a favor do concello. O calvario e a persecución xudicial a que estiveron sometidos os propietarios maioritarios levounos a desistir de seguir tramitando a urbanización, ao que contribuíu tamén a crise que estaba afectando ao país.

Con bastante anticipación e coa intención de rematar a batalla interna que vivían os

populares para designar o candidato ás eleccións de 2011, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, presentou no Hotel Portocobo a Pablo Cobián alegando que “Oleiros precisa solucións e non políticos no punto de mira dos xuíces”. Hai que lembrar que Cobián e o PP oleirense eran os que promoverían a maioría das denuncias contra o alcalde e concelleiros, intentando lograr o que non conseguían cos votos.

Remátase neste ano a urbanización A Pezoa e conséguense novos accesos e zonas verdes para a localidade de Oleiros.

A proposta do Concello de Oleiros o Consorcio das Mariñas crea un servizo de lacería para o conxunto de todos os municipios que forman parte deste, o que abarata o custo deste servizo en máis dun 50%, acadando unha notable mellora no control de recollida de cans soltos ou abandonados.

O goberno municipal logra que a praia de Santa Cristina sexa recoñecida como praia con bandeira Azul, galardón que outorga a comunidade europea, sumándose así ás de Bastiagueiro e Mera que xa foran recoñecidas en anos anteriores.

A proximidade das eleccións municipais, como sucedera noutras ocasións, fai que se eleve o ton desde as distintas formacións políticas. Por parte do PP, o xa proclamado candidato Pablo Cobián, declara que el é “o adestrador que devolverá o concello á élite”.

No PSOE ábrese unha batalla por ver quen ocupa o posto de alcaldable, véndose desprazada a posible candidata Covadonga Díaz polo retornado desde a Consellería de Ordenación do Territorio, Luis Vázquez, unha vez perdido o goberno galego. Sen ningún rubor aprópiase dos logros do goberno municipal da Alternativa dos Veciños e vende pontes sobre a baía ademais de proclamar que “volve para rematar co sectarismo”.


Pola súa parte Alternativa dos Veciños, como fixera desde a súa fundación, elixe en primarias, abertas a todos os oleirenses maiores de 18 anos, ao conxunto de candidatos que formarán a lista electoral. Entre eles tamén ao alcaldable, que acada o 90% dos votos.

O BNG presenta como número un a Manuel Sarmiento centrando a súa campaña, como en anteriores ocasións, no tren lixeiro, nun concello sen vías, e en rutas marítimas.

Pablo Cobián invita a visitar o Parlamento Galego ao autor dunha páxina web que o comparaba con Franco e remataba cun “ole tus c...”. A marea azul levábaos na crista da onda provocando un cheo na polideportiva de Oleiros para dar conta dunha lacoada na que Cobián, exultante, anunciaba que se “estaba preparando para gobernar”. Ao peche de campaña do PP asistiu novamente o presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijoo, quen dixo unha

frase antolóxica que era o único que resultaba crible de todo canto expresara: “Oleiros es uno de los enclaves más bonitos de Europa”, en alusión ao bo traballo levado a cabo polo goberno municipal.

A principios de maio de 2011, o pleno da corporación rende unha homenaxe a ex-alcadesa Esther Pita Pita, colocando un retrato seu no salón de plenos.



■ Esther Pita



Celebradas as eleccións municipais o 22 de maio de 2011 o PP arrasou en toda España e patinou en Oleiros. Os veciños outorgáronlle a Alternativa dos Veciños, despois de moitos anos, a maioría absoluta, recoñecendo así o traballo honesto e eficaz dunha política seria levada a cabo por e para os veciños.

A maioría acadada nas urnas, permite que se constitúa a corporación sen intrigas e sobre-saltos. Na toma de posesión, a número dous do PP, María Vieites, renuncia a ocupar o seu cargo por “problemas persoais”, sendo contratada posteriormente como persoal de confianza na Deputación provincial da Coruña, pasando a ocupar o seu lugar a seguinte na lista dos populares, Carmen Fontenla.

O mesmo día da celebración das eleccións, o Club Deportivo Dorneda ascendeu á categoría da 3^a división nacional, despois de varios anos consecutivos de ascensos. Foi unha xesta única no panorama do fútbol do noso concello, xa que se trata do primeiro equipo que consegue acceder a esta categoría nacional, manténdose nela tres tempadas.

A corporación constituíuse o 11 de xuño de 2011 no salón de actos do centro cultural A Fábrica quedando formada polos seguintes concelleiros:

Alternativa dos Veciños: Ángel García Seoane, M^a José Varela Neira, Esther Garrido Pan, Ignacio Crespo López, M^a Teresa Vázquez Maseda, Marga Figueroa Vázquez, Rosa M^a Méndez López, Venancio Ramos Pereiro, Eva M^a Rioboó Ponte, Rodrigo López Piquín, Sandra Fernández Fernández

Partido Popular: Pablo Cobián Fernández de La Puente, M^a Begoña Pazos Villaverde, José Dans Bergondo, Andrés Delgado Montes, Patricia Suárez García, Manuel Saavedra Reimundez, Óscar Maceiras Rioboó

PSOE: Luis Vázquez Rodríguez, Ana Rey Pérez

BNG: Manuel Sarmiento González



■ Grupo actual do Goberno Municipal

O novo goberno, presidido por García Seoane, comeza a singradura cunha forte remodelación interna eliminando o Organismo Autónomo Municipal de Cultura e distribuíndo en tres concollerías: Cultura e Normalización Lingüística, Educación e Xuventude e Deporte as actividades deste organismo, situando a súa xestión nas novas instalacións do edificio da Fábrica de Perillo. As anteriores dependencias na urbanización Obelisco, destinaranse á atención dos Servizos Sociais e parte do Arquivo municipal, pensando en prestar un mellor servizo aos veciños.

A finais de maio, o alcalde e membros do novo goberno municipal participan nun acto comarcal de homenaxe ao ex-alcalde socialista de Cambre, Antonio Varela, "Tonecho". Foi o único alcalde da comarca que, en contra das directrices do partido socialista, posicionouse en contra dos moitos ataques e dainxusta sentenza que apartara a García Seoane da Alcaldía de Oleiros durante seis anos e un día. Ao acto celebrado en Cambre asistiron centos de persoas.

No peirao de Mera, Portos de Galicia, a petición de Pablo Cobián, portavoz do PP, colocou un galpón con fins electoralistas. Dada a ilegalidade da actuación que infrinxía a Lei de costas e o planeamento municipal, o Concello ordenou a súa retirada, feito que aconteceu ao recoñecer a consellería as irregularidades para a súa construcción. Pouco tempo despois o director de Portos era destituído.



■ Retirada da caseta no porto de Mera

O pleno municipal fixo entrega dunha mención honorífica ao polícia local José María Barcia polo acto de rescate e salvamento dun bañista na praia de Santa Cristina. Esta acción foi tamén recoñecida pola Presidencia da Xunta de Galicia, outorgándosele unha condecoración nun acto público na Academia de Policía situada na Estrada.

No Pazo das Cadenas, situado en Nós, créase unha escola de negocios dedicada á formación de empresarios impartindo mestrados de alta dirección. O director do centro, David Carro, é veciño de Oleiros.

Despois de moitas xestións e investimentos na casa da Braña en Mera a Xunta acepta a creación dunha nova escola infantil para nenos de 0 a 3 anos. O mobiliario, a petición da Alcaldía, foi sufragado pola Fundación Amancio Ortega.



O vandalismo provocou que diversas árbores situadas en espazos públicos fosen vítimas de envenenamento. Os feitos aconteceron no paseo perimetal dos Regos, na zona verde na fronte da praia de Mera, na urbanización As Galeras e no final da rúa Viñas de Babilonia. Para intentar rematar con estes atentados medioambientais o Goberno municipal fabricou unha árbore de ferro coa lenda “Aos delincuentes ecolóxicos, In Memoriam”, que foi colocado estratexicamente en cada lugar onde fora secada unha árbore. Aínda quedan persoas que pensan que os seus intereses están por riba dos do conxunto da cidadanía. Ás árbores e as plantas forman parte da paisaxe e son fonte de saúde, embelecendo o contorno no que vivimos.



■ Denuncia contra os vándalos



■ Afundimento no porto de Santa Cruz

ocasionou máis danos que os materiais xa que esa é unha zona utilizada por decenas de veciños como área de recreo e lecer.

En xullo de 2011, un camión dos servizos municipais foi “tragado” nunha cavidade oculta baixo os accesos ao porto de Santa Cruz. Por parte do concello víñanse denunciando desde hai anos a forte deterioración dos muros que soportan os accesos xa que, a través das gretas, o mar ía lavando os áridos da plataforma do porto, facéndose, por parte dos responsables da autoridade portuaria, caso omiso.

Afortunadamente o suceso non

A principios de lexislatura, o portavoz do Partido Popular, Pablo Cobián, foi imputado na coñecida como operación “Campeón” por posibles feitos delituosos de tráfico de influencias e outros, operación na que tamén están implicados outros políticos e funcionarios da Xunta de Galicia. Este feito provocou a súa dimisión a nivel municipal e como deputado autonómico. A súa vacante foi ocupada por José Manuel Devesa Núñez. A situación interna do Partido Popular provocou outra dimisión máis, a do concelleiro Antonio Dans. Con este eran xa tres os concelleiros do PP

que dimitían nun prazo de cinco meses. Dans foi substituído por Óscar Maceiras. O presidente da Xunta tiña que tragiar as palabras que utilizara para presentar o candidato Cobián “Oleiros precisa solucións e non políticos no punto de mira dos xuíces” aplicándose o conto de que “o tempo pon a cada quen no seu sitio”.

O desenvolvemento da actuación urbanística para a creación dun campo de golf é tratada pola maioría dos propietarios do ámbito que abarca máis dun millón de metros cadrados. A dita actuación contribuirá ao desenvolvemento sostible

do Concello así como a dotar de diversas infraestruturas e equipamentos a localidade de Dorneda e o municipio. Os prazos de execución estenderanse ata o 2015.

O 24 de xaneiro de 2012, inaugúrase o centro de día das Galeras con capacidade para oitenta usuarios. As obras estaban finalizadas desde principios de 2010 pero a Xunta negábase a poñelo en servizo. O goberno municipal emprendeu unha batalla para que o centro abriera as portas. A batalla emprendida polo goberno municipal para abrilo levouno a simular unha inauguración coa presenza de “dobres” da conselleira de benestar, Beatriz Mato, do presidente da Deputación provincial, Diego Calvo e do portavoz do PP Pablo Cobián que se afanaban en levar a cabo unha limpeza de malezas nas áreas verdes do edificio.



■ Acto de “inauguración” no centro de día nas Galeras



O forte deterioro que presentaba a igrexa de Liáns, fixo que o Concello requerise ao Bispo do de Compostela a súa reparación, por ser esta institución a herdeira dos bens que a familia Abente deixou ao seu falecemento para a conservación en Liáns do patrimonio relixioso e outros fins da Igrexa Católica. O Bispo vendeu no ano 1991 esta herданza por máis de cincocentos millóns de pesetas. Á demanda municipal sumouse o actual párroco da localidade preocupándose de que a restauración fose o máis ampla posible. A importancia do templo, recollido como patrimonio cultural, retardaría os arreglos que, de seguro, darían novo esplendor á arquitectura encadrada nun contorno encantador que o Concello, ao longo dos anos, foi recuperando e protexendo.

Durante varios meses a prensa fixose eco das conversas e reunións do Consorcio das Mariñas co novo goberno do PP na cidade da Coruña para que, igual que se pretendera co anterior goberno socialista, a Coruña se integrase no ente comarcal. Aqueles que cando estaban na oposición demandaban a unión esquecíanse do que dixeran agora que estaban no goberno. A pretensión de populares e socialistas era a mesma: integrarse si, pero con poder de decisión no Consorcio que debía ser do Concello da Coruña sobre os nove concellos restantes. Oleiros opúxose, rexitando novas xuntanzas que o único que pretendían era entreter a galería.

A principios de 2012 morre o que fora presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga

Iribarne. Ao enterro, en Perbes, acude o alcalde xustificando a súa presenza polo respecto e trato institucional cara ao Concello que sempre tivo o presidente falecido, quen nunca pechou as portas ás reivindicacións feitas desde Oleiros; algo do que careceu o presidente da autonomía durante o bipartito, Emilio Pérez Touriño, quen nunca se dignou a recibir o alcalde nos catro anos que presidiu Galicia.

Tamén en xaneiro deste ano o CEIDA celebra o décimo aniversario desde a súa creación no castelo de Santa Cruz. O traballo levado a cabo na divulgación e defensa do medio-ambiente traspasou as nosas fronteiras e en distintos foros estiveron presentes persoeiros de Latinoamérica, África e Europa fundamentalmente para achegarnos as realidades dos seus países.

Inaugúranse as instalacións do novo cuartel da Garda Civil despois dun longo proceso iniciado polo Goberno municipal debido ás condicións de insalubridade na que se atopaba o antigo cuartel. Para levar a cabo as obras, o Concello, a través dun convenio no que recuperaba o terreo municipal que ocupaban as ruínas do cuartel de Mera, facía entrega de trinta e dous millóns de pesetas ao Ministerio de Interior para que o novo cuartel da Pezoca fose unha realidade. Nas ruínas de Mera levantouse o Auditorio Gabriel García Márquez.

Ultimada a primeira fase da vía Ártabra abre-se ao tráfico entre Lorbé e Arillo. No acto de

inauguración ningunease a Oleiros e dáselle a palabra ao alcalde de Sada, municipio que boicoteou as obras en todo momento impedindo incluso os accesos ás parroquias que lindan coa vía.

Inaugurase o viveiro de empresas municipal, situado no polígono industrial de Iñás. Das 18 naves construídas o Concello adxudica sete a novos emprendedores. As naves alúganse a baixo prezo en función do número de postos de traballo creados e subvenciónanse. Na actualidade o Concello segue a manter as mesmas condicións para as restantes naves.

O forte incremento dos servizos públicos fan necesarias novas infraestruturas para acoller oficinas e talleres. Por iso o goberno municipal adquire unha edificación limítrofe coas instalacións municipais no lugar do Río, en Xubín para reconvertelas en oficinas xerais da área de servizos municipais e atención aos veciños.

Remátase coa expropiación da totalidade dos terreos entre o porto de Santa Cruz e a zona traseira da praia de Naval. Máis de 35.000 m² pasan a ser públicos e pónense a disposición da Demarcación de Costas do Estado para que sexan tratadas as obras de recuperación do contorno de Naval. Por parte do Estado o proxecto, pola crise, está paralizado.

Ao amparo da política de redución do gasto enerxético e seguindo as directrices da au-

ditoría realizada no conxunto das instalacións eléctricas do municipio, renóvanse, por outras de baixo consumo, as luminarias do parque industrial de Iñás, modificando ademais a totalidade dos máis de douscentos vinte contratos coa empresa Fenosa que estaba a aplicar tarifas improcedentes en todos os servizos. Estas e outras modificacións levadas a cabo permitiron, nun ano, un aforro de trescentos corenta mil euros en gasto de enerxía no conxunto dos servizos: 27 bombeos de fecais, 2 depuradoras, 8 macrodepósitos de auga, 72 edificios e instalacións públicas e 10.800 puntos de luz. A facturación anual acadaba os dous millóns de euros.

Estas economías fixeron posible que o Concello reinvestise os seus recursos incrementando os servizos sociais e atención aos maiores en máis dun 20% pasando de 538.000 euros a 645.000 euros, fortalecendo as políticas educativas, deportivas e culturais, tanto as directas desde o Concello como as que levan a cabo a ampla rede de sociedades e clubs do municipio, verdadeiras alma mater da vida social oleirense.

Despois de once longos anos, o Concello logra que se salde a débeda de máis de seiscentos mil euros que os municipios da extinguida mancomunidade da Coruña tiñan con Oleiros. A dita débeda era pola xestión do Plan de recollida do lixo que realizaran os servizos técnicos municipais cun investimento dun millón cincocentas mil pesetas



financiadas na súa inmensa maioría con fondos europeos. O pago levouse a cabo polo Consorcio das Mariñas a través de compensación de débedas, xa que Oleiros negábase a contribuír aos fondos do Consorcio mentres non se saldara con el a débeda da mancomunidade.

Os tribunais fallan a favor do Concello na denuncia realizada contra Aviación Civil e Aena, organismos dependentes do Ministerio de Fomento, pola imposición da pegada sonora do aeroporto de Alvedro, que hipotecaba a centos de familias das parroquias de Liáns e Dorneda, especialmente aos núcleos urbanos de Santa Cruz e Montrove. Esta sentenza dá a razón aos argumentos municipais validando con iso os núcleos definidos no Planeamento afectados pola citada pegada, permitindo así a aprobación da totalidade do Plan xeral e o seu sometemento a aprobación definitiva por parte da Consellería da Xunta de Galicia.

O Tribunal Supremo, ao que recorrera unha familia de Mera para invalidar o paseo mariño realizado nesta localidade, dálle a razón ao concello rematando así cun longo proceso de denuncias que paralizarán as obras deste paseo en distintas ocasións.

A Audiencia Provincial, con recurso previo, resolve definitivamente a favor de García Seoane, en contra da resolución da sala nº 5 do penal cuxa xuiza mantivo aberta máis de seis anos a querela na que se lle achaca-

ban cinco supostos de delito ao alcalde, despois de ser requerida pola fiscalía para que se arquivase por non atopar ningún delito. A xuiza resolveu, mantendo dúbdidas sobre un dos supostos, a resolución da Audiencia Provincial, poñendo así fin a unha das más perversas actuacións contra García Seoane, emanadas dos grupos da oposición PP-PSOE con Pablo Cobián, “o campeón”, como adalid da honradez, contando coa complicidá interesada de distintos poderes fácticos, especulativos e económicos.

Con motivo desta resolución o alcalde convoca unha rolda de prensa informativa. Unha vez realizada, a xuiza titular da sala nº 5 do penal, presenta unha denuncia contra él por “suposta vulneración do derecho ao seu honor”. Este preito é resolto en cinco meses e acorda que se deberá indemnizar a citada xuiza con 60.000 euros e facer pública a sentenza integralmente en todos os medios de comunicación que se fixeron eco da noticia, aproximadamente outros 60.000 euros a maiores. Cabe destacar aquí a diferenza de trato nunha xustiza que se di igual para todos: a resolución na que se implica unha xuiza resólvese en cinco meses fronte a de García Seoane que tardou máis de seis anos, no que se atenta non só contra a súa persoa senón tamén contra a súa familia. Golpe a golpe intétase romper a súa resistencia con actuacións municipais llevadas ao terreo persoal repercutindo na súa economía os custos xudiciais. A sentenza está

recorrida ante a Audiencia, presentándose unha querela criminal, por posible prevaricación na tramitación do expediente xudicial, contra a xuiza da sala nº 5 do penal.

A Audiencia Provincial tamén resolveu a favor do Concello de Oleiros o preito presentado polo portavoz do PP, Pablo Cobián, respecto á legalidade do expediente do Monumento á cooperación internacional, situado na rotonda de Nirvana, e no que se representa a imaxe de Che Guevara. Cabe recordar que no preito presentado Cobián insinuaba malversación de fondos. Xa con anterioridade outro tribunal fallara a favor do Concello.

Pero os individuos de dubidosa reputación son unha casta que non deixa de pulular por Oleiros e, unha vez máis, a casa do alcalde é obxecto dunha nova denuncia, a pesar de que xa tivera que tirar os 80 cm da fachada norte, e tivo que volver a soportar a entrada xudicial ao seu domicilio. A día de hoxe o tribunal aínda non resolveu.

Alentado de seguro por este tipo de noticias sensacionalistas dos medios de comunicación un individuo, promotor, atentou en dúas ocasións contra a persoa do alcalde fronte a Casa do Concello. Unha delas cun coitelo e outra cun spray de gas nocivo. Este feito podería ser unha anécdota máis, senón fose que o individuo ten antecedentes penais en Venezuela onde, segundo o periódico venezolano “El universal”, matou a unha persoa e feriu a outra á saída dun xulgado que

fallou na súa contra pola compravenda do “Motel Club El Sol”. Por parte do Concello presentouse ante a Fiscalía a correspondente denuncia por atentado á autoridade. Pero ademais dos que se deixan ver están os que nunca dan a cara que non son mellores que os xa citados. Exemplo diso é o paquete que se remitiu anonimamente ao Concello contendo un cadro co retrato de Franco acompañado do pai de Juan Carlos I. O envoltorio interior de celofán estaba impregnado dun po granulado de color amarelo. Este feito foi posto en coñecemento da Garda Civil e por parte dos servizos de técnicos especialistas en desactivacións de artefactos explosivos deste corpo tomáronse medidas cautelares por posible presenza de axente químico-bacteriolóxico, precintando a Casa do Concello e non permitindo a saída dos funcionarios ata unha primeira comprobación. Con posterioridade o paquete foi enviado para o seu exame ás instalacións da Garda Civil en Madrid.

Despois de 36 anos de comezada a construcción e de varios preitos sobre a urbanización Casa Sara en Santa Cristina, chegouse a un acordo para impedir a demolición e reconstrucción dos edificios, cuxo custo superaba os tres millóns de euros.

O dito acordo obrigaba ao Concello a pagar aos denunciantes, dúas familias da alta burguesía coruñesa, seiscentos mil euros a cada un. Lembrar que este preito ten a súa



orixe na denuncia destes particulares que dicían que a urbanización lles sacaban “vistas” e que a sala do contencioso fallara resolvendo que había que rebaixar o teito da cuberta do conxunto das vivendas construídas, o que supoña un grave prexuízo ás 56 familias afectadas. Este proceso que herdaron os distintos gobiernos democráticos viña arrastrado desde o ano 1978.



■ Vivendas na urbanización Casa Sara

O desenvolvemento nas políticas do goberno municipal non deixa de acadar recoñecementos e premios polo seu traballo e compromiso. É de destacar, en 2011, o premio outorgado pola “Irmandade do libro” á Rede de Bibliotecas Municipais, oito en total, polo fomento á lectura. Tamén o Ministerio de Cultura outorga, entre todos os concellos do Estado de entre 20.000 e 50.000 habitantes, o Premio María Moliner de fomento da lectura á biblioteca Rialeda de Oleiros. O premio, dotado con 12.000 euros foi entregado nun acto público presidido polo secretario de estado, J.M Lasalle, na Biblioteca Nacional de Madrid.



■ O alcalde e a coordinadora de bibliotecas, M^a Luz Corral, na recollida do premio



Moi Ionxe de Oleiros, nos Emiratos Árabes, concretamente en Dubai, o Concello participaba nun foro internacional de medioambiente no “Premio ambiental Livcom” que tiña a súa sede en Inglaterra. Oleiros acadou o premio categoría de prata polo proxecto “Prácticas ambientais sustentables e fomento de estilos saudables”. O galardón foi entregado na cidade de Al Ain.



■ Intervención do alcalde na defensa do proxecto de Oleiros



■ Rosalía Mera

En agosto de 2013 falece Rosalía Mera, veciña de Oleiros, gran colaboradora co Concello nas denuncias das violacións dos dereitos humanos, dos dereitos da muller, dos nenos, das guerras... A través do Certame de fotorreportaxe “Revela”, colaborando tamén en diversas actividades relacionadas coa atención a persoas discapacitadas. Rosalía Mera era unha persoa que a pesar da súa situación económica e social nunca se considerou por riba dos demás e participou activamente na vida social dos oleirenses.



No marco da cooperación internacional e co motivo do 40 aniversario do golpe de estado en Chile visita Oleiros o médico persoal do presidente electo democraticamente Salvador Allende, quen o acompañaba o tráxico día do atentado criminal contra a democracia chilena no que se bombardeou o Palacio da Moneda, sede do goberno chileno. O doutor Óscar Soto Guzmán relatau en primeira persoa o acaecido aquel triste e lamentable 11 de setembro de 1973. No acto, realizado coa colaboración do Comité de Solidariedade con América Latina, participaron tamén o director de teatro Gustavo Pernas, a actriz Anxela G. Abalo, o cantautor César De Centi e o presidente do Cosal, Omar Contreras.

O Concello de Oleiros enviou, doados polo Club de Leóns que preside o oleirense Ricardo Gómez Pico, máis de catro mil pares de zapatos a estrear e centos de gafas a municipios de Nicaragua, Salvador e Perú.

En novembro de 2013 a Real Academia Galega rende homenaxe a Manuel Pardo de Andrade, periodista, escritor e político liberal do século XVIII natural de Oleiros. Os actos organizáronse en colaboración co Concello de Oleiros e leváronse a cabo na Universidade de Santiago de Compostela, na sede da Real Academia Galega, celebrándose o acto central no auditorio da Fábrica.

A existencia dun concello denominado Oleiros na rexión de Castelo Branco en Portugal,

The poster features a blue header with the word 'Conferencia' in large white letters. Below it, a smaller text reads 'impartida polo Dr. Óscar Soto Guzmán, médico persoal do presidente chileno'. The main title 'As últimas horas do presidente Salvador Allende' is centered in bold black letters. To the left of the title is a photograph of Salvador Allende waving from behind a podium with Chilean flags. To the right is a portrait of Dr. Óscar Soto Guzmán. A red box contains event details: 'Sábado 14 de setembro de 2013 ás 20:30 h no centro cultural A Fábrica, (Perillo)'. Below this are two bullet points: one about the conference coinciding with the 40th anniversary of the Chilean coup, and another about a film projection followed by a reading of texts by actors Gustavo Pernas and Anxela Abalo. At the bottom, there's a small image of the Chilean flag and a quote in Spanish: 'Para que la memoria no se duerma, para que la memoria no se muera'. Logos for 'COSAL' (Comité de Solidaridad con América Latina) and 'Concello de Oleiros' are at the bottom.

levou o Goberno municipal a propiciar un irmandomento entre as dúas vilas porque a pesar das diferenzas territoriais, un na costa atlántica e outro no interior, eran moitas as coincidencias na preocupación pola cultura e os aspectos sociais. O noso Concello xa visitou a vila portuguesa e agora agárdase o encontro na nosa terra.

Segundo co recoñecemento ás persoas que destacaron coa súa participación na mellora da sociedade en distintos ámbitos, o Concello denomina o paseo marítimo de Mera co nome dunha persoa que ao longo de 43

anos exerceu a súa actividade como párroco nas localidades de Maianca e Serantes, colaborando na creación de diversos grupos culturais. Manuel Rial contribuí co seu servizo á convivencia entre os seus veciños, polo que serviu para ser querido pola súa inmensa mayoría e por iso, merecedor de ser lembrado.

Ao parque da 3º fase da urbanización Icaria, en xuño de 2012, asignaselle o nome da matemática nacida en Montrove en 1927, María Wonenburger, muller loitadora e entrañable cuxos logros son recoñecidos desde hai décadas pola comunidade científica internacional pero que non foi así no seu país. Valla como exemplo que nun congreso mundial de matemáticas celebrado na década dos 90 en Compostela ela non estivo presente. Os asistentes, alxebristas de diferentes países, non daban crédito á súa ausencia. A resposta era sinxela: non fora invitada. Hoxe en día, María Wonen-



■ Inauguración do paseo que leva o nome do párroco Manuel Rial

burger é membro de honor da Real Sociedad de Matemática de España e Doutora Honoris Causa pola Universidade da Coruña. María poderá ser lembrada sempre neste fermoso parque da súa localidade natal.

Na localidade de Oleiros, o parque da urbanización A Pezoca pasa a coñecerse co nome de Santiago Carrillo por ser un dos políticos que más contribuíu a que a transición en España fose posible despois da legalización



■ Inauguración do parque Santiago Carrillo



do Partido Comunista, converténdose nun dos mellores oradores do Parlamento español.

Outro dos parques da localidade de Oleiros, creado despois de realización da 2^a fase da urbanización Obelisco foi denominado José Luis Sampedro, como homenaxe a este humanista e indignado permanente. Escritor cuxas obras literarias están cargadas de ideoloxía social, denuncias e chamadas para unha casta política que está cega e xorda.

Os recortes do goberno do Estado e a minoración de recursos económicos achegados ao municipio non só polo Estado, senón tamén pola Xunta e da Deputación, obrigan o goberno municipal a redistribuír os recursos establecendo novas prioridades relacionadas coas novas necesidades sociais.

O Concello entaboa unha batalla coa Deputación Provincial que se dedica a usurpar os fondos que do ente provincial lle pertencen a Oleiros. Esta actuación levou o Goberno municipal a presentar unha demanda nos tribunais para recuperar os máis de 500.000 euros subtraídos e que foran repartidos entre os concellos amigos da “Deputación para todos”, para todos os que están dentro segundo denunciaba o alcalde.

Dentro das políticas de cargarlle aos demás as obrigas que cada administración ten, a Xunta de Galicia pretendía, aproveitando a xubilación da limpadora do xulgado de Paz de Oleiros, de competencia autonómica, que



■ Inauguración do parque José Luis Sampedro

este servizo fose asumido polas arcas municipais. Como medida de forza a Xunta mantió sen limpar as oficinas máis de catro meses pensando que con esta postura o Concello ía claudicar. É de destacar la postura valente do persoal, que defendía desde o inicio do problema as teses municipais. A Xunta de Galicia recoñeceu as súas obrigas e asumiou os gastos que por competencia lle pertencían igual que sucedera cos centros de saúde.

Despois dun ano demandando o peche do Pazo de Arenaza, no que estaba en precario o centro de día mentres non se abría o de Galeras, a Xunta accede ao peche realoxando os 15 usuarios noutros centros da comarca, entre eles o citado das Galeras. O pazo de Arenaza foi revertido ao Concello e agora atópase pendente de novo uso.

Tamén deportivamente falando Oleiros destaca notablemente: o veciño de Santa Cruz, Pablo Vasallo, obtivo en 2012 a medalla de bronce no campionato de España de patinaxe

artística, anteriormente acadara a medalla de ouro na “Prestige internacional de París”. Miguel Orro, veciño de Lorbé, de 13 anos proclamouse, en Atenas, campión de Europa en Taekwondo, na categoría cadete.

A mocidade oleirense e o seu divertimento san tamén é unha prioridade para o goberno municipal e por iso diversas casas adquiridas, grazas á xestión urbanística levada a cabo, foron postas gratuitamente á súa disposición para que convivisen e gozasesen de forma sa, celebrando as súas festas fundamentalmente en fin de semana. Na actualidade son utilizadas a diario, non só pola mocidade, senón por grupos de amigos maiores e familias enteiras. Este feito levou o Goberno municipal a ampliar a oferta ofrecendo as salas de usos múltiples das casas dos pobos para que se celebren aniversarios e outras efemérides. O Concello non cobra polo uso das instalacións, pero o condiciona á limpeza polos que a utilizan. Unha das casas que máis demanda ten polo seu contorno privilexiado é a situada na praia de Bastiagueiro.

As distintas entidades da parroquia de Oleiros homenaxearon o párroco da localidade Guillermo Taboada con motivo dos 50 anos que leva prestando servizos relixiosos na localidade. Nos diversos actos destaca a placa situada na fachada da igrexa. Nos actos participou o Concello representado pola conceileira da parroquia, Teresa Vázquez Maseda.



É de destacar a loita e a constancia da comunidade educativa oleirense, especialmente a do CEIP A Rabadeira, na batalla que librou na demanda dun novo centro educativo en Nós e sobre todo en contra da imposición da reforma educativa do ministro José Ignacio Wert, a LOMCE, manifestándose todas as semanas con cortes de tráfico á altura do centro educativo. Esta loita contou co apoio municipal que, ademais de presentar mociones no pleno, participou en diferentes cortes e estivo presente no peche na Rabadeira como medida de rexeitamento á citada lei. Foron moitos os colectivos educativos e mestres, ANPA e persoal non docente oleirense os que participaron nestas mobilizacións.





O Plan xeral de urbanismo de 2009 prevía unha área deportiva para a construcción dun novo campo de fútbol na zona norte do municipio. Os preto de 20.000 m² de terreo foron adquiridos polo goberno municipal grazas á compensación urbana a través de convenios cos propietarios. Con iso, en 2014 ábrese o camiño para facer realidade unha vella aspiración municipal.

A segunda fase da vía Ártabra, o tramo comprendido entre Os Galgos (Dorneda) e a N-VI en Iñás, ábrese ao tráfico. De igual xeito ábrese tamén a vía de circunvalación da localidade de Oleiros quedando pendente de finalizar o acceso ao porto de Lorbé e a conexión coa autopista do Atlántico entre a N-VI e a localidade de Pravio no Concello de Cambre. No acto de inauguración desta segunda fase, o alcalde, García Seoane, reclamoulle á Xunta o pago das expropiacións aos veciños que ainda estaba pendente desde hai cinco anos.

Unha nova praza pública realizaase nas inmediacións do parque Luis Seoane e do porto de Santa Cruz e asignáselle o nome da ex-alcaldesa Esther Pita Pita, persoa que traballou arreo pola mellora do concello ao longo de tres décadas continuando a contribuír ao benestar dos veciños e ao progreso singular de Oleiros.



■ Acto de inauguración da praza Esther Pita





■ Proxecto paralizado polo Ministerio de Fomento na zona Sol y Mar, N-VI

Despois dunha longa loita veciñal remátanse as obras do tramo da N-VI entre O Seixal e O Carballo, creándose unha nova rotonda nos accesos ao Pinar e á urbanización Mesón da Auga. O goberno de Madrid deixa pendente de realizar o tramo do Carballo e o túnel do Sol y mar en Perillo alegando falta de financiamento pola crise.

Ao longo dos anos de gobernos democráticos, o goberno municipal, prioritariamente, levou a cabo obras de melloras en beiravías,

beirarrúas e rotondas na estrada que pola costa vai de Perillo a Mera. Á marxe destas melloras debido ao forte tráfico que soporta a citada estrada fanse necesarias obras que garanten a seguridade das persoas e dos automobilistas nos tramos da vía que carezan deles. Para iso, o goberno municipal, comprometeuse coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a entregarille o solo preciso para levalas a cabo. Estas obras inclúen unha nova rotonda en Santa Cruz e a ampliación de calzada,



beirarrúas e beiravías en zonas do Couto, Lourido, Breixo e Cabreira. Grazas a 386 propietarios que cederon gratuitamente o solo ao Concello, este o puxo a disposición da Xunta para que trate as melloras.

O remate da macrodepuradora de augas fecais, situada en Bens, construída para depurar as augas dos concellos de Arteixo, A Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros, levou á creación dunha empresa pública que integra os cinco municipios. Esta empresa será a que controle o funcionamento da planta e o gasto para o seu mantemento, deixando o noso municipio de pagar o gasto das depuradoras de Oleiros e Lorbé, así como o bombeo da ponte da Pasaxe que asume a nova empresa xestora.

A Xunta de Galicia sacou a contratación o novo colexio de primaria na localidade de Nós, estando previsto que comece a prestar servi-

zo para o curso 2015-2016, cun investimento que supera os catro millóns de euros. O Concello, que xa adquirira 11.400 m² da finca da Fundación Tenreiro para a súa construción, chegou a un acordo coa dita Fundación para adquirir a totalidade da finca, catalogada como singular no Plan xeral municipal, cunha extensión de máis de 30.000 m² co que se dotará o novo centro educativo dun gran parque. O Concello investiu na adquisición un total de 386.294,57 euros, máis catro parcelas urbanas en Canide de 220 m² cada unha.

O edificio onde estivera o Hotel Maxi, en Santa Cruz, foi derrubado ante o deterioro que presentaba. No seu lugar o propietario, ten intención de facer un novo hotel, segundo estaba previsto no plan xeral para ese contorno de tan alto valor urbano e turístico.

Un forte temporal volve arrasar as costas do Concello, destruíndo parte dos paseos



■ Estado que presentaba o paseo de Bastiagueiro despois do temporal



■ Temporal azotando o paseo de Santa Cruz

marítimos nas localidades de Perillo, Liáns e Mera. O goberno municipal chegou a un acordo con Costas do Estado para a recuperación dos paseos e volver dárslles o seu esplendor e servizo a veciños e visitantes.

Dentro da política de desenvolvemento sustentable o Concello está a levar adiante a urbanización de determinadas áreas situadas nos contornos urbanos de Perillo: Hábitat e Corredoiras das Viñas, Mera: Lamalonga e Granxarón, Dorneda: o campo de golf en Xaz. Estas áreas consolidarán a unión de núcleos, dotándoos de novos servizos, infraestruturas e equipamentos e impedindo así a especula-

ción futura e a degradación das localidades. Tras once anos de trámites, o pleno da Corporación aproba definitivamente o conxunto do Plan xeral de ordeación urbana. Atrás quedan as cambadellas, os preitos, as pegadas sonoras... Desde o goberno municipal demostrouse, unha vez máis, que coa constancia e o bo facer, amparados por unha xestión honesta e respectuosa coas leis e normas do Estado, non hai adversario que non se poida derrubar.

Remátase esta parte da historia da época democrática coa sorpresa dunha favorable campaña de diferentes medios de comuni-



cación, tanto de ámbito estatal como internacional: ABC, Correo Vasco, The Guardian, Sunday Times, El País, da televisión vasca, da televisión catalá...

Neles escríbese das bondades e singularidades de Oleiros, nas que resaltan moitos dos valores que nos fan distintos.

■ Reportaxe publicada por *El Mundo* no seu suplemento dominical do 17 de novembro de 2013.

76 GALICIA

Las ciudades emergentes de Galicia

- De apéndices residenciales, a tener nombre propio por peso poblacional e industrial. Si se mantienen tendencias, aquí está la futura séptima ciudad

R ibadavia, hoy un imponente y antiguo reino vikingo de más de 100.000 habitantes, fue en 1065 capital del antiguo Reino de Galicia. Ferrol, segundo municipio español con la tasa de desempleo más alta del país, es el que más población tiene. La Cela, la Cela con más habitantes de la Comunidad, la de Vigo, cerca de la referencia establecida hasta el siglo XI, estaba, hasta entonces, a escala de Monforte.

«Nuestra proyección es muy importante»

ENTREVISTA
Carlos Calvelo
Alcalde de Arteixo

J. PABLO
LA CORUÑA

Arteixo es uno de los municipios más grandes de la provincia. El hecho de tener la sede en la ciudad de La Coruña no le ha beneficiado mucho, porque la población es muy escasa y dispersa, pero no se esté el que tiene la sede en la capital de la localidad.

¿Cuál es su secreto del desarrollo económico?

—Desde el año 1995 he trabajado en la promoción y atracción de empresas. He habido una expansión de las empresas establecidas que trae esta implicación de que las empresas ya no se fijan en Galicia.

¿Cuál es su secreto está en su economía.

—La economía de Galicia es la que de Galicia a vivir aquí, porque la gente trabaja y porque las vivencias son

maravillosas que da La Coruña.

—Arteixo es también de los pueblos que más han crecido en el extranjero trabajando.

—Y más indios que hay que emigrar. La gente que se va es la que más sabe de sus raíces.

—Pero no se pierde la memoria de sus raíces. ¿Qué le dice a los que quieren venir a vivir a Arteixo?

—Que tienen que venir a vivir al pueblo de sus padres, que es el pueblo de sus abuelos. Que tienen que venir a vivir al pueblo de sus padres, que es el pueblo de sus abuelos. Que tienen que venir a vivir al pueblo de sus padres, que es el pueblo de sus abuelos.

Carles Caballe
Catedrático de Derecho
Universitat de València

En su intervención en el congreso celebrado en la Universidad de Valencia, Carles Caballe, catedrático de Derecho de la Universidad de Valencia, ha defendido la necesidad de que se establezca una estrategia europea para la protección de la cultura y el patrimonio europeo. En su intervención, Caballe ha señalado que la cultura y el patrimonio europeo son un factor fundamental para el desarrollo económico y social de Europa. Ha强调了保护文化遗产的重要性，并指出这是欧洲一体化进程中的一个关键组成部分。

de la capital y Pontevedra. Ferrol es la última de las ciudades que aún no tienen alcaldes socialistas. En A Coruña, Vigo, Ames, Ourense, Lugo y Santiago ya lo tienen. Los socialistas crecen al ritmo del que sigue la soprilla de las ciudades gallegas.

En el tiempo de la transición constitucional, el socialismo gallego se presentó con Narón, Ames, Ourense y Arteixo como las principales fuerzas políticas en las que se realizaban similitudes en las cuatro, su cercanía a la izquierda y su oposición a las otras dos primeras) y con La Coruña y Vigo como las otras dos. Pero tanto Narón como Ourense y Ames se apartaron de la consensuación de la coalición de izquierdas y se convirtieron como motor en las cuatro ciudades, pero «el eje» demográfico pasó a ser Vigo, que se convirtió en el

clúster de servicios que los otros pueblos de Galicia dependían.

El caso de Ourense que, con los otros tres que apuntan anteriormente, muestra que el socialismo gallego, en su etapa más avanzada, es paradigmático, ha experimentado un crecimiento que no se ha visto en ninguna otra ciudad ni en la ciudad con mayor población de Galicia.

Bordean los 40.000 habitantes de municipios que se han quedado en la coalición si manifiestan la actual tendencia a la consolidación de la coalición para gobernar las ciudades gallegas. En Vigo, que es la capital de las principales se habla ya de una coalición de izquierdas para gobernar la ciudad. En Pontevedra, que es la capital de la provincia, se apunta la posibilidad de que la coalición se acuerpe la octava, decimotercera, una y duodécima posición, solo por la

«En Oleiros la crisis es menos crisis»

ENTREVISTA
Ángel García Seoane
Alcalde de Oleiros

■ Noticia publicada en ABC el 10 de noviembre de 2013

■ Reportaxe publicada polo diario vasco *El Correo* o 15 de setembro de 2013

A concepción do concello, do territorio municipal como o patrimonio de todos os veciños é o principio que subxace ao longo das páxinas deste libro. Un tesouro, un exemplo de habitabilidade máis rico por canto sempre é perfectible, cunha boa vocación do goberno municipal e do movemento veciñal e social en comprometerse ano tras ano, non só no mantemento óptimo de todo o que xa gozamos, senón tamén na recuperación de legados dos nosos antepasados e na apertura de novos espazos naturais e arquitectónicos, para a convivencia cidadá. Detrás de cada un deles late a historia da concienciación, da responsabilidade e do esforzo veciñal.

Por iso este percorrido pola nosa historia é importante para a ciudadanía oleirense, partícipes na conformación de espazos modélicos, e, de xeito moi especial, para os nenos e a mocidade, no camiño de percibir o que

de valor encerra todo o que se vén facendo durante máis de tres décadas, coa intención de propiciar que tomen o testemuño e se sumen a esta loita común por consolidar o que queda, sempre inesgotable, por facer.

Máis alá de intereses partidistas e de tensións ideolóxicas, os valores que inspiran o movemento social e que impregnan o labor de educar as novas xeracións fálannos de desenvolvemento sostible, de coidado medioambiental, de recuperación de espazos, de creación de ámbitos onde o encontro e a relación se vexan propiciados. Fálannos dunha atmosfera inspiradora de confianza, de boa convivencia e de xeración de oportunidades para o “ben estar”, para o ocio e para a iniciativa emprendedora que, como valores coexistentes, dan un selo de identidade singular a este pequeno recuncho do golfo Ártabro habitado por un pobo diferente.



